



# ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · outubro - novembro - decembro 2004
]

## José Canalejas, 150 anos do seu nacemento



*As enfermidades no Camiño Inglés*

*O viño III*

Ciclo de Cine: A "Triloxía Qatsi"

Conferencia de Carlos Ripollés "Yak 42, la lucha por la verdad"

Jesús Lainz e o seu libro *Adiós España*








nº 17

**Falamos de...** IZAR e o I Mercado da Ilustración
**Xentes...** Manuel María
**Outras entidades...** Ferrol Metrópoli e Mar de Tinta
**Federación de Ateneos**
**Ademais...** SERVICIOS BREVES, O PARNASO, MULLER...

**... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE**

# FALAMOS DE... 



Quizá unha das cousas que peor resultaron de toda esta montaxe, foi o sitio onde se celebrou, pois, aínda que o lugar era o idóneo, xa que eran as rúas máis representativas da ilustración, coido eu, que como dicían algúns dos artesáns, era un pouco longo para a colocación dos postos de venda, e con iso, moita xente cansaba e non chegaba á Praza de Amboage, onde, por certo, tamén houbo problemas, pero que á fin e ó cabo, puideron amañarse.


Unha das cousas que serían interesantes é que as xentes de Ferrol participasen máis, sobre todo lucindo traxes durante os días do MERCADO, xa que temos que ir tentando de igualarnos con outras vilas, nas que participan moitos veciños vestidos de época: vexamos Betanzos, no que se calculan que visten de época unhas 6000 persoas, Baiona, Ribadavia, etc.

Non quero rematar estas liñas sen agradecer a axuda prestada polos grupos de teatro de Ferrol, algunha Sociedade que participou, e sobre todo a axuda e colaboración do Ateneo Ferrolán, que nos prestou o local para ter alí os traxes que se empregaron durante os tres días, e mesmo como vestiario e camerino dos grupos de teatro de rúa que participaron no MERCADO DA ILUSTRACIÓN, que espero dure moitos anos.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879







RepúbliKa
CerveceríA
Pilsner Urquell
Avda Esteiro 42-44
15403 Esteiro Ferrol
Telf.: 981 300 407
REFUXIO
KARIÑOSO

# AVISO PARA:

GRANDES
- INVERSORES
- EMPRESARIOS
- POLÍTICOS
- NAVEGANTES EN XERAL

**O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE E DAS NORMATIVAS APLICABLES A GRANDES INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS *É* GARANTÍA DE FUTURO E SEGURIDADE PARA OS INVERSORES**

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

→ **Non entendemos por qué non se ten isto en conta**

→ **Levamos anos avisando, cun custe e tratamento irracional e abusivo para a nosa propia pervivencia**

→ **Estamos seguros de que a xustiza –e esperamos que non a traxedia– poñerá as cousas no seu sitio**

→ **Non seremos rancorosos**

**Nota:**
Páxina de publicidade financiada por unha entidade sen ánimo de lucro, coa teima de acadar o cumprimento da legalidade, a protección á vida e o respecto á xustiza.

¡¡SE ALGUÉN QUERE ACUSARNOS DOUTROS "DELICTOS" QUE O DIGA!!...

... ¡¡O PUBLICAMOS!!



# SUMARIO


EDITORIAL 5

SERVICIOS
Hemeroteca 6
Biblioteca 7

XENTES
*In Memoriam* Manuel María 8
Carta de Amor a un Productor Cinematográfico por Carlos A. Alonso 9

OUTRAS ENTIDADES
Ferrol Metrópoli 11
Colectivo Mar de Tinta por Sindo Varela 13

FALAMOS DE...
IZAR 15
I Mercado da Ilustración 17
O Constantino Bellón 19

BREVES
Convocatoria da I Exposición colectiva de obras de pequeno tamaño 22
Forum Barcelona 2004 22
Fely Manzano: mellor actriz no Festival de San Telmo (Bos Aires) 22
Olet no Palacio Real de Madrid 23
Resposta manuscrita de Isaac Díaz Pardo 23

PROGRAMACIÓN
Programación Outubro-Novembro-Decembro 24

LEMBRANZAS
...Ricardo Pena 27

CONVOCATORIAS
III Certame de Teatro infantil e xuvenil «Atenea 2005» 29

ARTIGOS
O Viño III, por Tono da Graña 30
O 150 Aniversario de José Canalejas, por Juan J. Burgoa 32
Enfermidades dos peregrinos no Camiño Inglés, por Carlos Piñeiro Díaz 40

CONTOS E OUTRAS HISTORIAS
*Barallando a Vida*, por Ángel Ruiz de Velasco Bellas 43

MULLER
Premios ALECRÍN - ALACRÁN 2004 44

(A.I.F.A.) FEDERACIÓN DE ATENEOS
Encontro Internacional de Ateneos 45

O PARNASO
Manuel María 46





*ATENEA*
**Revista trimestral do**
*ATENEO FERROLÁN*
**Nº 17**
**Outubro-Novembro-Decembro**
**2004**

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
*ATENEO FERROLÁN*



REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org



ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99



COPYRIGHT


O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).

**O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores**




**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA**
Maruxa Zaera Landeira
**DESEÑO E MAQUETACIÓN**
Ateneo Ferrolán
**ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS**
Leandro

**COLABORACIÓNS**
Juan J. Burgoa, Ricardo Pena, Tono da Graña, Carlos Alberto Alonso, Sindo Varela (Colectivo Mar de Tintas), Carlos Piñeiro Díaz, Ángel Ruiz de Velasco Bellas, Manuel Basoa Vizoso, Amparo Ginés.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, MULTIÓPTICAS-CALLAO, CAIXANOVA, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CENTRO COMERCIAL ABERTO.



# Bodega

Madalena, 147




Para su merecido descanso, llámenos...

**ofertas especiales**

... siempre a su disposición, de 8:30 a 20:30,

y en www.viajes-paco.com

**FERROL**
TIERRA 15
TEL: 981369040
FAX: 981352441
info-ferrol@viajes-paco.com




**A CORUÑA**
PLAZA DE GALICIA 6
TEL: 981126021
FAX: 981120646
info-coruña@viajes-paco.com





15405 FERROL
Carretera Catabois, Km. 3,300
Telf.: 981 323 450
Fax : 981 329 111
E mail.: distrigalicia@distrigalicia.es

15190 A CORUÑA
Polígono de Pocomaco
Avda.: B-9, Local 1
Telf.: 981 297 688


**Periódicos y Revistas**

*Distribuimos en todas las ciudades y pueblos de la provincia de La Coruña*





# AS OBRAS DE INSTALACIÓN DA PLANTA DE GAS DE REGANOSA SEGUEN ADIANTE EN MUGARDOS, INCUMPRINDO GRAVEMENTE A NORMATIVA APLICABLE, E DESOÍNDO O CLARO PRONUNCIAMENTO DE XUSTIZA



**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA** PRONUNCIOUSE: *"SENTENCIA 536/2004 SALA DE LO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO"*

*"... Proceso contra resolución de 19/12/2001 de la Consellería de Medio Ambiente, sobre declaración de efectos ambientales ..."*

*... demandada CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE*

*... codemandada REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A...*

*"ANTECEDENTES DE HECHO: ... En el año 1994 la empresa ENAGAS emitió informe cotrario al emplazamiento en Punta Promontoiro – Mugardos de una Planta de Regasificación de Gas Natural Licuado ... dicha empresa presentó escrito solicitando dictamen de evaluación de incidencia ambiental ...*

*"FUNDAMENTOS JURÍDICOS: ... en el Preámbulo de la Directiva 85/337/CE se considera que la mejor política de medio ambiente consiste en evitar, desde el principio, la creación de contaminaciones o daños ...*

*"... el Real Decreto Legislativo 1302/1986, de 28 de junio,... fijó un procedimiento que finaliza con la Declaración de Impacto Ambiental por el órgano de la Administración Pública competente ... que no es el mismo que autoriza la obra.*

*... la declaración de impacto ambiental se hace al término de un procedimiento minuciosamente reglado, en el que han de ser oídas determinadas personas e instituciones y en el que el pertinente estudio de impacto ambiental ha de ser siempre sometido a información pública (artículos 13, 14, 15 y 17 del Reglamento ...)*

*... es obvio que la decisión de esta Sala no puede limitarse a anular el referido acto recurrido ... sino que debe resolver si la aludida Declaración de Efectos Ambientales fue ajustada a derecho, o si, por el contrario, es procedente acordar su nulidad ...*

*... a nadie escapa que el procedimiento adecuado en este caso es el de Declaración de Impacto Ambiental ... debiendo valorarse las alternativas posibles al mismo, todo lo cual, al haberse omitido, ha generado una evidente indefensión a los afectados.*

*... procede estimar el recurso planteado y anular las resoluciones recurridas por ser contrarias al ordenamiento jurídico.*

*<u>FALLAMOS</u> que ... debemos anular y anulamos la resolución atacada* ***POR SER CONTRARIA AL ORDENAMIENTO JURÍDICO****..."*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

## ¡¡ D. MANUEL, XUNTA DE GALICIA ¿ONDE ESTÁ O ESTADO DE DEREITO? ¿QUIZÁ AFUNDIDO NO ENCORO DO UMIA ...? !!

**O ATENEO FERROLÁN, POLA DEFENSA DA VIDA E O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE.**


---

**REXEITAMOS ENERXICAMENTE E SEN PALIATIVOS A AGRESIÓN QUE SUFRIU UN REPRESENTANTE DA CIDADANÍA NO CONCELLO DE FERROL, D. JUAN FERNÁNDEZ GARCÍA E A SÚA FAMILIA.**


**SEXAN QUENES SEXAN OS QUE O FIXERON, SÓ SE DESCALIFICAN A SI MESMOS E ACADAN A "CATEGORÍA" DE DELINCUENTES.**

# AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


## PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS




***IGUAZÚ*. Nº 15**
**Revista artesanal de literatura y cultura.**
Ed. Asoc Cult Iguazú. Vitoria
D.L.: SS-1142/99





***ANUARIO DA GAITA***
**Nº 18**
Ed. Escola prov. de gaitas.
Deputación de Ourense
D.L.: OU-92/98





***ARTE.***
***GALICIA SIGLO XXI***
**Nº 3**
D.L.: C-1661-2003




***CLAVE PROFESIONAL***
**Nº44**
**Revista bimestral de la industria del espectáculo.**
Ed. Clave profesional S.L.
Barcelona
ISSN: 1138-25544




***EL PATEO*. Nº 17**
**Revista crítica de las artes escénicas.**
Ed. Asoc. de Empresas Produc. de Artes Escénicas de la Comunidad de Madrid
D.L.:M-47660-1999




***FERROL XURÍDICO*. Nº4**
Ed. Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol
D.L.: C-2507/2001




***VIANOVA*. Nº 1**
**Revista de ocio y viajes del Eixo Atlántico.**
D.L: OU-102/2004




***TEMPOS NOVOS*. Nº 88**
**Revista mensual de información para o debate.**
Ed. Atlántica de Información e Comunicación de Galicia
ISSN: 1137-6945

Ateneo Ferrolán

## PRENSA

Diario de Ferrol
Faro de Vigo
Galicia Hoxe
Novas da Galiza
La Voz de Galicia
Le Monde Diplomatique
A Nosa terra
El País
El Correo gallego
El Mundo






# AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


## NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



***El pintor F. Álvarez de Sotomayor y su huella en América***
Pedro Emilio Zamorano Pérez
Ed. Universidade da Coruña
ISBN: 84-88301-87-1




***Percorrido polos cruceiros da costa da morte***
Juan J. Burgoa Fernández
Ed. Asociación Neira (Cee)
ISBN: 84-688-5826-9




***Historia de Mugardos***
Juan A. Carneiro Rey y Miguel A. Rodríguez Vázquez
Ed. Concellaría de Cultura de Mugardos
D.L.: C-913-2004





***Un crocodilo debaixo da cama***
Mariasun Landa
Ed. Galaxia
ISBN: 84-8288-652-5
**PREMIO NACIONAL DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2003**

**ESTA A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS, O CATÁLOGO INFORMATIZADO DOS FONDOS DA BIBLIOTECA.**




***Sumud. Conversa con Palestina***
Xavier Navaza
Ed. Fundación Araguaney
ISBN: 84-931373-6-7




***Alma y bronce. Jesús F.Contreras 1866-1902***
Patricia Pérez Walters
Ed. Instituto cultural de Aguscalientes (México)
ISBN: 970-18-7023-9




***Narradores ocasionais do século XIX* (relato breve)**
Modesto Hermida (Dir.)
Ed. Centro Ramón Piñeiro
ISBN: 84-453-3736-X




***Julio Aneiros. La lucha imprescindible***
Ed. Embora - Asociación Fuco Buxán
ISBN: 84-95460-34-3

**NON**
**Ó PR€STAMO**
**D€ PAGO**
**€N BIBLIOTECAS**



# IN MEMORIAM

# MANUEL MARÍA
## (1929-2004)



Manuel María Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. En 1942 trasladouse a Lugo para estudiar o bacharelato e aquí comezou a súa precoz carreira literaria participando, á idade de 20 anos, no ciclo de conferencias «Jóvenes valores lucenses». Esta primeira conferencia serviulle para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez (Pimentel, Fole, Rof Codina...) que o poñerían en contacto coa realidade galega, tanto interior como do exilio. Nesta primeira etapa da súa vida, publica o primeiro poemario dun poeta da nova xeración, *Muiñeiro de brétemas* (1950), co que se inaugura a denominada «Escola da Tebra»

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

En 1958 instálase en Monforte como Procurador dos Tribunais e ao ano seguinte casa con Saleta Goi. Nos axitados anos sesenta e setenta, Manuel María participa na reorganización política, na clandestinidade, dos partidos nacionalistas, e atende os chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: desde impartir conferencias ou recitar poemas ata representar á Nova Canción Galega. A súa obra literaria diversifícase e multiplícase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro... sen abandonar o cultivo da poesía. Do existencialismo e o seu pesimismo radical evolúe cara a unha poesía que rompe, tanto no formal como na temática, con esta liña subxectiva para se comprometer co ser humano, coa súa xente, coa súa realidade social, en definitiva, co seu pobo.

«Nos anos sesenta e setenta atende os chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organización que andan a traballar pola recuperación cultural».

As súas actividades políticas culminaron coa súa elección como concelleiro en 1979. Son anos duros, e a súa participación nas campañas en defensa da lingua foi moi activa. En 1985 abandonou a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural e, desde a súa xubilación, reside na cidade da Coruña. A súa xenerosa entrega foi recoñecida en 1995, na Homenaxe organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na Coruña.

Non é doado resumir en poucas liñas a obra deste insigne poeta, referencia imprescindíbel no panorama literario da segunda metade do século XX, pola amplitude dos seus rexistros, das súas propostas e da súa temática: intimismo, paisaxismo, socialrealismo crítico ou satírico, preocupación relixiosa, reivindicación lingüística... e, como fío conductor de todo este mundo poético, a construcción da patria.

**Manuel María faleceu na Coruña o 8 de Setembro de 2004**

# CARTA DE AMOR A UN PRODUCTOR CINEMATOGRÁFICO

**Carlos Alberto Alonso**
alonso@asmuxicas.com
www.asmuxicas.com

Estimados Sres/ as Productores/ as:

É complicado esto de facer curtametraxes. Por un lado, gozas da liberdade de ir de francotirador nunha industria dictatorial, cegata e inxusta que dá opcións ó apelido máis ilustre ou á conta bancaria máis seductora, e pouco máis, non hai termo medio; por outro, necesitas un proxecto coherente sen gretas que dea no cravo á hora de seducir a un espectador que aposta por "Titanic" e non por "Gangs of New York" simplemente por que eles/ as saen máis guapos/ as. E é que o continente si importa á hora de gañarse o respecto do respectable, mais o contido tamén, e se alguén cre que non é así, pois está equivocado. Non coñezo a ninguén que se fixera un nome facendo soamente películas curtas.

Podes por tanto enfrontarte á oportunidade de facer a túa pequena obra curta de dúas maneiras: unha, rodando exactamente o que ti ( ou o productor, ou o actor ) pensa que o espectador quere ver, porque cres, ou sabes, ou cres que sabes o que o espectador quere. Ardua tarefa, case que sempre errada, vexo moitas curtametraxes, a copia da copia do éxito que provoca a longametraxe de moda é algo patético e cansino, e ó final na maioría dos casos, o atrevido curtametraxista demostra que si, sabe copiar... mal. E outra, a máis arriscada (a que máis cadáveres deixa polo camiño) é ser un mesmo, aplicando esas regras que normalmente non están escritas en ningún sitio pero que si poden verse mostradas dunha maneira moi sutil nas obras de grandes autores (non o digo eu, o dicía o público, e a crítica... fai tempo) de películas que xa case que non se fan, nin se ven, nin se distribúen, nin nada de nada. Salvo honrosas excepcións que espero –ou desexo– sexan para vostedes as mesmas que neste momento eu teño na cabeza.

A miña curta (que lles envío acompañando estas letras) é unha declaración de intencións e principios, e pretende ser unha demostración do que se pode facer con moi pouco presuposto, decorados mínimos, poucos actores e un equipo na súa maioría voluntarioso (busco a Corman, Roger) Meterme con "Grupos Salvajes", "Pulps Fictions", "Matrix Reloaded" ou "Señores de los

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

BELLADONA



Guión para Curtametraxe de Ficción
escrito por
Sonia Méndez
Paula Carballeira
e Carlos Alberto Alonso

A partires dunha idea orixinal de
Carlos Alberto Alonso

Versión do 26/Julio/2004







*Imaxes pertencentes á rodaxe de «Belladona»*





Anillos" nestas condicións, pois non me parecía práctico. Xa sei que o tema que trato non é moi comercial, pero é que tiña que arranxar unha conta pendente (unha delas) coa miña terra, e sabía que esta historia a terminaría aínda que me fose a vida niso. E así foi. Que "As Muxicas" –dende que era un simple proxecto– tivese mellor acollida en Cataluña que en Galicia, ou no estranxeiro que na península, para moitos quizá non sexa un dato. Para min si, fundamental. Polo de pronto a TVG de Fraga non quixo saber nada. Isto non é novo. Fai uns meses, paseando pola Poboa do Caramiñal descubrín unha fermosa estatua en homenaxe a unha das máximas figuras literarias dos tres últimos séculos, Ramón María del Valle-Inclán o pé da mesma podía lerse unha inscrición: *«Yo he dado a Galicia una categoría estética. La máxima. Y no le he pedido nada»*... Menuda reflexión, que deixa ademais nunha posición bastante ridícula a reivindicación de calquera humilde curtametraxista. En calquera caso, recoñezo que aínda sigo a darlle voltas á "frasecita".

En resume, estimados Srs. Productores/ as, a miña intención é a de que saiban da miña existencia. Considérome un profesional e aspiro a converterme nun bo artesán. O de ser artista –coa miña idade– só o poden permitir os do apelido ilustre e a conta bancaria seductora. Mentres espero a súa chamada arrinco lento (pero seguro ) "Belladona", o meu novo proxecto curto, reivindicando de novo ese cine que xa case non se fai e que un bota tanto en falla.

Sen máis, despídome. Gracias pola amabilidade de me atender, xa so por iso sáense vostedes da norma.

**Carlos Alberto Alonso**

FERROL METRÓPOLI

# FERROL METRÓPOLI

Ferrol Metrópoli naceu no ano 1998 co obxectivo de potenciar o desenvolvemento socioeconómico de Ferrol e a súa comarca, involucrando á sociedade, empresas, asociacións e institucións nun proxecto común de creación dunha metrópoli de futuro, utilizando as ferramentas da planificación estratéxica.

Foron socios fundadores o Concello de Ferrol, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol, a Universidade da Coruña (Vicerrectorado de Ferrol) e a Unión de Empresarios de Ferrol e Comarca. A Fundación conta coa participación de empresas asociadas, a máis dunha serie de socios colaboradores incluíndo Colexios Profesionais e Asociacións de diverso xénero.

As súas liñas de actuación consisten na posta en funcionamento dun plan de longo alcance que permita a creación dun Ferrol Metropolitano que poda participar nunha rede de cidades e organismos que están presentes na vangarda da innovación, o desenvolvemento e a creación de emprego.

A Fundación foi declarada de Interese Galego pola Xunta de Galicia. Neste intre, ademais das persoas da Xunta Directiva que colaboran de forma desinteresada nos diferentes traballos encomendados, a Fundación ten empregadas a sete persoas.

### *ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN*

As actividades fundamentais da Fundación pódense resumir en:

- Planificación estratéxica do Ferrol Metropolitano
- Promoción e información de actividades empresariais e de creación de empresas
- Proxección exterior da Área Metropolitana
- Promoción da cooperación entre os sectores público e privado
- Realización de estudos de investigación na área socioeconómica
- Presencia en foros nacionais e internacionais
  - Membro da IASP (Asociación Internacional de Parques Científicos)
  - Membro da APTE (Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos)
  - Membro da Asociación de Fundacións Españolas
  - Rede de Planes Estratéxicos
  - Rede de Técnicos de Empleo de Galicia
- Promoción do Patrimonio Cultural de Ferrol, en especial o referente á Ilustración e o Modernismo, como sinais de identidade da cidade.


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

### *PROXECTOS EN CURSO*

Os proxectos máis importantes que a Fundación ten en marcha son:

- **Proxecto de Ferrol MetroPark**. Creación dun parque empresarial e de negocios seguindo un modelo innovador.
- **Proxecto Ecoland**. Promover e desenvolver as boas prácticas medioambientais.
- **Promoción de Centros Comerciais Abertos**.
- **Elaboración dun Observatorio Estratéxico**. Recompilación de datos socio-económicos de Ferrol e a súa comarca; propostas de actuación.
- **Centro de Actividades – Aula SEPI**, na rúa Real de Ferrol.
- **Foro da Ilustración**. Promover a identificación dos ferroláns cos seus sinais históricos de identidade e apoiar a súa candidatura a Patrimonio da Humanidade
- **Ruta do Modernismo**. Difundir o importante legado modernista de Ferrol e a súa comarca.

«Ferrol Metrópoli naceu no ano 1998 co obxectivo de potenciar o desenvolvemento socioeconómico de Ferrol e a súa comarca».



# FUNDACIÓN FERROL METRÓPOLI



## FERROL METROPARK

PROXECTO PROMOVIDO POLA FUNDACIÓN FERROL METRÓPOLI

A **Fundación Ferrol Metrópoli** presenta unha proposta de actuación para un futuro parque empresarial e de negocios baixo o nome de **FERROL METROPARK.**

**FERROL METROPARK** consiste nunha dotación de solo empresarial destinado a facer fronte ás iniciativas empresariais da metrópoli. O factor diferenciador deste parque é o seu carácter multifuncional, que permite integrar nun mesmo parque centros de innovación e tecnoloxía, actividades empresariais e mesmo áreas residencias e de disfrute de ocio.

Os obxectivos do Metroparque son os seguintes:

- Fomento da atracción e creación de empresas
- Xeración de emprego
- Creación dunha área de excelencia empresarial
- Creación dunha rede de coñecemento

O parque de **SAN PEDRO DE LEIXA**, agora en proxecto a desenvolver pola empresa SEA (composta por SEPI e o IGVS), sería a localización idónea pola súa boa accesibilidade, factor crítico na construcción dun parque destas características e por tratarse dun entorno natural excelente no que non se produce ningunha tensión medioambiental.

Habilitaríanse espacios para:

- Áreas de investigación e innovación de empresas locais, nacionais e multinacionais
- Áreas de investigación e innovación de Universidades
- Pequenas e medianas empresas tecnolóxicas
- Empresas de servizos (consultorías, servizos informáticos...)

O Metroparque dividirase en áreas segundo a actividade das empresas ubicadas. Os distritos planeados serían os seguintes:

- Distrito industrial
- Distrito de innovación
- Distrito comercial
- Distrito loxístico

O mix de empresas do parque definirase pola presencia de empresas da área metropolitana e pola atracción de proxectos de empresas multinacionais, tanto de tipo productivo coma comercial. Contémplase así mesmo a implantación de centros de investigación procedentes da universidade e das grandes empresas. A medio prazo, o Metropark nutrirase das empresas xestadas na súa incubadora.



FUNDACIÓN FERROL METRÓPOLI
Recinto Ferial.
Edificio de Usos Múltiples, 2° Planta
15591 Ferrol
Tfno 981333114
Fax 981372740
metropoli@ferrol.net

## NA PRAZA DE AMBOAXE
## O SÁBADO DÍA 2 DE OUTUBRO ÁS 7 DA TARDE

### NO CASO DE MALA CLIMATOLOXÍA, FARASE NO ATENEO FERROLÁN

# COLECTIVO
# MAR DE TINTA




LECTURAS NA SÚA TINTA é un espacio da palabra liberada onde participar con textos propios ou alleos nos que se aborden os problemas (Prestige, Iraq, Planta de Gas, Izar ...) e os desafíos que estamos a vivir como persoas e como sociedade.

**1º ANIVERSARIO MAR DE TINTA**

Cumpríronse xa vinte meses de andadura de MAR DE TINTA. Vinte meses de aparicións periódicas na praza de Fonseca en Compostela para expresar en alto o que se pensa, o que se sinte; vinte meses debullando a actualidade política, a actualidade social e asociativa, a actualidade das persoas... a realidade. Cumpríronse vinte meses, xoves tras xoves, con paraugas ou parasoles, con máis público ou menos, ou case ningún. Vinte meses nos que se conseguiu dar á Paz, de Fonseca un carácter novo, unha condición de lugar aberto, liberado, de encontro; un espazo para a palabra viva expresada en alta-voz; un marco onde as persoas exercitan e estimulan a súa condición de individuos en colectividade a través do medio de expresión que a cadaquén lle resulta máis apetitoso ou menos penoso.

**O Colectivo**
**MAR DE TINTA**
**formado por**
**traballador@s**
**e usuari@s**
**das bibliotecas**
**da Universidade**
**de Santiago,**
**e integrado**
**na Plataforma**
**Nunca Máis**
**CONVÍDAVOS**
**a asistir a participar**
**na lectura de textos,**
**poemas, artigos ...**

Mardetinta naceu como colectivo aberto de traballadores de bibliotecas que pretenderon posicionarse e sumarse ó resto da sociedade galega na esixencia de responsabilidades e solucións ante o desastre do Prestige. Este colectivo viuse enriquecido e ampliado coas contribucións doutra xente diversa, manifestándose tamén absolutamente en contra da guerra de Iraq... de tódalas guerras.

O desastre do Prestige, a invasión de Iraq, e a campaña levada adiante polo PP contra os máis elementais fundamentos da convivencia, xuntáronnos, xoves tras xoves, arredor da húmida fonte de Fonseca para ler poemas, artigos, contos, arengas, interpretar música e cancións, escribir en carteis ou no chan, repartir bandeiras de Nunca Máis ou panfletos que explican as cousas á nosa maneira; para expresar en vivo críticas e ideas, propias ou doutros autores.

Léronse unha media de 20 escritos semanais de denuncia, de análise, de impotencia ou de suxerencia, improvisacións, diálogos, clases maxistrais e ata algunha intervención coral.

O xoves que coincidía co día das Letras Galegas de 2003 adicámolo á memoria de Antón Avilés de Taramancos, ó disfrute dos seus poemas, acompañados polos seus familiares, amigos e veciños de Noia.

O territorio Mardetinta acolleu unha representación de poetas e veciños da Costa da Morte, que compartiron un xoves de poesía e indignación. Acolleu tamén a familiares e amigos de Xosé Couso para expresar a solidariedade compartida e a esixencia de responsabilidades pola súa morte.

O territorio Mardetinta celebrou un festival coincidindo xusto co primeiro aniversario do accidente marítimo que o PP converteu nun desastre

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

# CONSENSO, EMPREGO, CENTROS DE TRABALLO E TITULARIDADE PÚBLICA, PRINCIPAIS REIVINDICACIÓNS SINDICAIS NO GRUPO IZAR

## Os sindicatos acordaron convocar paros para o martes día 15 e ate o 30 de setembro

Garantir a titularidade pública dos estaleiros e un plan global para separar a actividade militar da civil son as principais causas que motivaron a convocatoria dun paro para o pasado martes, 14 de setembro. Este desenvolveuse en cada centro de traballo, en función do que acordase cada comité de empresa. Previamente, levouse a cabo unha campaña informativa coas alternativas que estableceron os sindicatos, dirixida ás corporacións municipais, partidos políticos e gobernos autonómicos

Ó mesmo tempo, e para cubrir posibles mobilizacións de cara ó resto do mes, os sindicatos tamén acordaron solicitar un preaviso de paro legal para o período comprendido entre o 15 e o 30 de setembro. En función da evolución das negociacións e, principalmente, do resultado do encontro que se manterá coa *Sociedad Estatal de Participaciones Industriales* (Sepi), os sindicatos concretarán este paro e as medidas de presión oportunas.

Entre as esixencias acordadas polos seis sindicatos, destaca a importancia de presentar unha solución global e non as propostas de carácter parcial aportadas pola Sepi, no sentido de crear unha sociedade con catro centros (Ferrol, Cádiz, Puerto Real e Cartagena), deixando a un lado o resto dos estaleiros.

Así mesmo, os sindicatos situaron tamén como premisa o mantemento do emprego e dos centros de traballo. No que se refire ó emprego, destacouse a importancia de ter en conta as decenas de miles de traballadores e traballadoras da industria auxiliar, que se ven directamente afectados pola problemática do Grupo Izar.

As esixencias das seis organizacións sindicais tamén inclúen o cumprimento dos acordos alcanzados cos traballadores por parte da Sepi. Así, en 1997, firmouse un plan na antiga *Astilleros Españoles SA (AESA)*, de actividade civil, que contemplaba o compromiso de manter unha capacidade productiva da construcción naval de 210.000 toneladas.

"De procederse á entrada de capital privado, dificilmente se mantería esta cota", declararon fontes sindicais. Tamén se produciría un incumprimento do *Acordo Marco* firmado en Izar e que ten unha vixencia ata o 31 de decembro de 2005. No punto 4 deste documento inclúese o compromiso de manter o emprego e os centros de traballo.

Por último, os sindicatos entenden necesario establecer un plan industrial e, para definilo, "é imprescindible situar cargas de traballo".

**Os seis sindicatos con representación no Grupo Izar (ELA, CIG, CAT, USGT, MCA-UGT y FM de CC.OO.) acordaron cales son os principais eixes sobre os que debe xirar a solución que permita salvar ó Grupo Izar, así como as medidas de presión que se tomarán nas próximas semanas.**



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura

I MERCADO DA ILUSTRACIÓN

# I MERCADO DA ILUSTRACIÓN

por Manuel Basoa Vizoso




No pasado mes de Agosto, nos días 6, 7 e 8, celebrouse en Ferrol, dentro do programa de Festas da Cidade, o 1º MERCADO DA ILUSTRACIÓN, que a pesar dalgúns fallos, resultou moi ben, sobre todo pola cantidade de xente que acudiu a ver os espectáculos e os Artesáns que viñeron de toda España.



Eu, que fun o encargado da Organización, pois o Concelleiro de Cultura, José Manuel Couce Fraguela, me deu esa responsabilidade, síntome orgulloso de como resultou todo, a pesar de que algunhas persoas, que non sei se merecen esa denominación, pois de persoa pouco, máis ben son prepotentes e maleducados, comportáronse dun xeito un pouco violento, pero tódolos membros da Organización soubemos saír do apuro e comportarnos como persoas.

Este feito do MERCADO DA ILUSTRACIÓN, xurdiu nunha reunión de varias persoas no Ateneo Ferrolán, reunión á que me invitaron, supoño que pola miña experiencia dende o ano 1998 no comité organizador das Feiras Franca Medievais de Betanzos. Despois de tres anos de espera, por fin o Señor Concelleiro de Cultura tomou cartas no asunto e botou a andar este acto, que eu espero que teña unha continuidade e quede institucionalizado como calquera outra festa da cidade, xa que é unha forma de loitar pola ilustración, da que Ferrol é unha das cidades máis importantes de España e un exemplo para moitas.

O primeiro proxecto que se discutiu no Ateneo Ferrolán, era o de facer toda unha semana, pero a miña opinión era outra, pois, efectivamente, había que facer toda unha semana, pero non de Mercado, senón de SEMANA DA ILUSTRACIÓN, con conferencias, exposicións, viaxes en lancha pola Ría, con visita ós Castelos, etc.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

Non sei se o vindeiro ano o Señor Concelleiro tentará montar outra vez o II MERCADO DA ILUSTRACIÓN, pero eu, dende estas liñas quero felicita-lo pola iniciativa que tomou, e dar exemplo do que é mollarse e meterse no allo para que resultara un éxito.









# 14° CONCURSO DE GAITA GALEGA «CONSTANTINO BELLON»

O Constantino Bellón, concurso de interpretación e composición de música para gaita galega, organizado polo Ateneo Ferrolán, ven celebrando a súa cita anual inequívoca tódolos 31 de agosto, dende o seu nacemento no ano 91. Este Certame pretende manter e potencia-lo xeito de toca-la nosa gaita, con técnicas e xiros propiamente galegos.

Ano tras ano vaise consolidando coma un punto de encontro dos gaiteiros mais experimentados da grande comunidade galega.

Un Xurado altamente cualificado encárgase de face-la selección dos finalistas, entre as gravacións chegadas de toda Galicia e de diversos puntos das Comunidades Galegas.

Dende o ano 96, na Final participan catro gaiteiros procedentes do exterior, seleccionados por medio do "Gaiteiro de Soutelo" –Punto 5° do Bellón–, que teñen subvencionados os gastos da súa participación por medio da Secretaría das Comunidades Galegas.

**GANADORES DAS ANTERIORES EDICIÓNS**

**Ano 1991. Iván Costa Blanco,** de Moaña que interpretou Muiñeira da Xiada e Xota para Ourense.

**Ano 1992. Xesús Vaamonde Manteiga,** da Coruña coa Xota n° 354 e Muiñeira.

**Ano 1993. Juanjo Fernández,** de Vigo que tocou Muiñeira da Cabra e Muiñeira picada.

**Ano 1994. Xose Ramón Vaamonde,** da Coruña coa interpretación de Preludios de gaita e Aturuxeira.

**Ano 1995. Carlos Lorenzo Lemos,** de Fene, con Troulada de Campañó e Muiñeira.

**Ano 1996. Pepe Vaamonde Manteiga,** da Coruña, con *"Non te namores meniña"* (Tradicional) e *"Saltareira"* (xota), de Pepe Vaamonde.

**Ano 1997. Jesús Vaamonde Manteiga,** de Ferrol, con *"Peizoquiña"*, de Suso Vaamonde e *"Muiñeira do mesón"*, de Suso Vaamonde.

**Ano 1998. Pablo López Torneiro,** de Oleiros, A Coruña, con "Valse de Cecebre", de Pedro Lamas e "Postludio Indigestat", de autor.

**Ano 1999. Iván Costa Blanco,** de Moaña, con "Piricuchiña" e "A gaita de Melchor", de Iván Costa.

**Ano 2000. Pepe Vaamonde Manteiga,** de A Coruña, "Alalá de Pradías", de Pepe Vaamonde, "415 de Casto Sampedro", "Muiñeira de San Froilán" de Pepe Vaamonde.

**Ano 2001. Daniel Bellón García,** de Fene, con "A codea de pan" de Daniel Bellon e "O bicho que furaba na cenoria xogando a base de muiñeira" de Pedro Lamas Varela.

**Ano 2002. Oscar Miranda Lodeiros,** de Arteixo, con "Barlovento" e "Cuasimuiñeira" de Oscar Miranda.

**Ano 2003. Agustín Sánchez Iglesias,** de A Coruña, con "Aloumiños" e "Andame unha pulga atrás dun piollo" de Agustín Sánchez.

O XURADO do 14° Concurso de Gaita Galega "CONSTANTINO BELLÓN", composto por **Víctor Fernández Gabeiras, Xesús Vaamonde Manteiga, Xavier Rodríguez Fariñas, Carlos Icaza Boado, Xoán Rodríguez Silvar** e actuando como secretaria, sen voto, **María Cristina Meizoso Alonso,** unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas a concurso, así como examinadas as partituras que se requerían para participar no mesmo, **ACORDOU**, por unanimidade selecciona-los seguíntes finalistas:

1. Pablo Devigo Vázquez (Ourense).
2. Daniel Bellón García (Barallobre, Fene, A Coruña).
3. Alberto Coya Otero (Hío, Cangas de Morrazo, Pontevedra).
4. David Bellas García (Viveiro, Lugo).
5. Agustín Sánchez Iglesias (A Coruña).
6. José Manuel Mojón Pérez (Ourense).
7. Juan Pablo Aguirre Alegre (Bos Aires, Arxentina). Gaiteiro de Soutelo
8. Julio Jesús León Pérez (Castellón). Gaiteiro de Soutelo
9. Santiago Agustín Molina (Arxentina). Gaiteiro de Soutelo
10. Manuel Fernández Ruíz (Valladolid). Gaiteiro de Soutelo

...

**Premio "Gaiteiro de Soutelo"**
Unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas ó Premio "GAITEIRO DE SOUTELO", convocado pola Secretaría de Relacións coas Comunidades Galegas, en colaboración co Ateneo Ferrolán, para promociona-la participación da Galicia do Exterior, no Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón", así como examinadas as partituras que se requerían para participar no mesmo, **ACORDOU**, por unanimidade selecciona-los seguíntes finalistas:

1. Juan Pablo Aguirre Alegre (Bos Aires, Arxentina). Gaiteiro de Soutelo
2. Julio Jesús León Pérez (Castellón). Gaiteiro de Soutelo
3. Santiago Agustín Molina (Arxentina). Gaiteiro de Soutelo
4. Manuel Fernández Ruíz (Valladolid). Gaiteiro de Soutelo

...

**Premio Composición para Gaita Galega Solista**
Unha vez analizadas a totalidade das composicións presentadas ó mesmo, **ACORDOU** entregar o PREMIO de Composición para Gaita Galega Solista a:

**AGUSTÍN SÁNCHEZ IGLESIAS**
pola partitura para Gaita e Piano "CAPRICHO DE GAITA"

...

Final do **14° CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" - ANO 2004,** celebrada no Auditorio FIMO de Ferrol
O XURADO cualificador, unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas a esta final do Concurso, así como a interpretación de tódolos gaiteiros finalistas, **ACORDOU** outorgar dous accesits de 600 euros cda ún a:

**DANIEL BELLÓN GARCÍA**
**DAVID BELLAS GARCÍA**

Así mesmo, ACORDA por unanimidade, concederlle o PREMIO ÚNICO de 1800 euros deste 14° Concurso de Gaita Galega a

**ALBERTO COYA OTERO**



# 14º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLON»

## Martes, 31 de agosto de 2004
## Auditorio FIMO (Punta Arnela)
## 8 h. da tarde

***PROGRAMA***

Presentación:
Amparo Ginés

• Mencións de Gaita "Constantino Bellón"
Entrega da **"Gaita de Ouro"** a
JOSE LUIS CALLE GARCÍA

Entrega da **"Gaita de Prata"** ó Programa de Radio "LUME NA PALLEIRA" e no seu nome a *D. Emilio Españaredo Paz e ós colaboradores Pablo Carpintero Arias e Iván Area Carracedo.*

• Entrega do PREMIO de **"Composición para Gaita Galega Solista"** a:
**AGUSTÍN SÁNCHEZ IGLESIAS**
**pola partitura para Gaita e Piano "Capricho de gaita"**

• Final do Constantino Bellón

No momento da deliberación do XURADO contaremos cun **CONCERTO do Dúo Folk "PELICA de CAN"**
Música 100% tradicional galega ou da raia. Pandereta, percusións, guitarra, cavaquinho e voz

• Actuación Conxunta Finalistas

• Fallo do Xurado / Entrega de Premios

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

***FINALISTAS***

1) JUAN PABLO AGUIRRE ALEGRE, BOS AIRES (ARXENTINA) *Gaiteiro de Soutelo*
1.- "Muiñeira de Cabana" (Tradicional)
2.- "Jota para Joaquin" (Juan Pablo Aguirre Alegre)

2) PABLO DEVIGO VÁZQUEZ, OURENSE
1.-"o Muricego" (Pablo Devigo)
2.-"Vai por ti, Luis" (Pablo Devigo)

3) DAVID BELLAS GARCÍA, VIVEIRO (LUGO)
1.- "Xota sonámbula para Laura" (David Bellas)
2.- "Muiñeira das pateras" (David Bellas)

4) JULIO JESÚS LEÓN PÉREZ, CASTELLÓN
*Gaiteiro de Soutelo*
1.- "Homenaxe a un gaiteiro" - Alalá (Julio Jesús León Pérez)
2.- "Muiñeira para Xesús" (Julio Jesús León Pérez)

5) ALBERTO COYA OTERO, HIO (PONTEVEDRA)
1.- "Malditas palletas ...!!" (Alberto Coya)
2.- "Non me amoles" - Xota (Alberto Coya)

6) SANTIAGO AGUSTÍN MOLINA, BOS AIRES (ARXENTINA) *Gaiteiro de Soutelo*
1.- "Muiñeira grande" (Juanjo Fernández)
2.- "Xota para mi abuela" (Santiago Agustín Molina)

7) AGUSTÍN SÁNCHEZ IGLESIAS, A CORUÑA
1.- "Alalá de Monterrei" (Tradicional)
2.- "Xota de Santa Xuliana" (Tradicional-Arr. Agustin Sánchez Iglesias)
3.- "Muiñeira para un lampantin" (Agustin Sánchez Iglesias)

8) MANUEL FERNÁNDEZ RUÍZ, VALLADOLID
*Gaiteiro de Soutelo*
1.- "Pasacorredoiras de Poio" (Tradicional)
2.- "Bolero de Algodre" (Tradicional)
3.- "Maldito parking" (Manuel Fernández Ruiz)

9) DANIEL BELLÓN GARCÍA, FENE (A CORUÑA)
1.- "Outra máis" (Daniel Bellón García)
2.- "Bolboreta" (Pedro David Lamas)

10) JOSE MANUEL MOJÓN PÉREZ, OURENSE
1.- "O retorno do avó" (José Manuel Mojón Pérez)
2.- "Anoxados" (José Manuel Mojón Pérez)

ENTIDADES COLABORADORAS:

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura
Consellería de Emigración

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CONCELLO DE FERROL

SARGADELOS

Maruxa Fernández, viuva de Luis Seoane.






## 14º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLON»

# ARTE NO AIRE



por Amparo Ginés

Non agardaba agosto tal despedida en Ferrol, pola falla de merecementos deste ano. Logo de pasar gris, venteiro, neboento, marchou con luz e agarimo de gaita. Música. Un sopro de osíxeno entre este aire de chumbo que anuncia incerteza para Ferrolterra. 31 de agosto. Colofón de festas para unha bisbarra que albisca aínda esperanza trala lucería embaucadora; folgos para cando caia a última nota, e ilumine a noite sobre a Ría o derradeiro foguete.

Neste case adeus dun verán que non foi tal, e como para racha-la preguiza, rebule o Ateneo en actividade. Así o fai dende catorce anos atrás, entre foles, palletas e sons. Sons da terra enriquecidos con qué sei eu, pero que soan a novo. E a terra. Despois decátaste, claro, de que aquel andaba anoxado coa moza, que estoutro vén da Arxentina, que un acaba de ser pai, e resulta que o son énchese de contido, de historias, de formas de tocar. Doces como unha síncopa calquera, revoltas no xenio dun mordente encabritado –moito mordente falta ás veces, ben entendido, claro está–. O público recibe, encantado, as doses de sorpresa sen estridencias dese xiro non agardado, do taconazo no chan, dos silencios estratéxicos no significado da peza.

Os nervios tralo escenario foron logo arte no aire, que de entre as mans do gaiteiro revoaban cara ao auditorio. Os cinco sentidos postos por cinco minutos, se cadra menos, na peza aquela «para Joaquín, Luis, Laura, Xesús, mi abuela, un lampantín...». Moitas notas con mensaxe, moito talento disposto en horas de dedicación. E así un, dous, tres, catro... ata dez finalistas. Pobre xurado, pensaría algún que non vira a quen esperaban o veredicto. Iso é sufrir. Que algo ten o Bellón que estes rapaces saen a por todas.

Algún papel de relevancia tivo a gaita como de salto xeneracional, semella. Aquí, nestas xenealoxías, asoma moito avó que tocaba, e case ningún pai. E así e todo, a arte aflora con claridade recente, o mesmo dende Bos Aires que dende Fene ou Valladolid. E se acaso Galicia leva dianteira na proximidade, pouca vantaxe é para o de Hío vir de vila olímpica. Que manexar un remo non é acariñar unha gaita, por moitas de Cal que lle poñan. Mais será cousa de pulmóns -que iso si conta para os dous-, que Alberto soubo encher «a FIMO» (que lle chaman por aquí) este ano. Con dedicatoria de vencedor, deixa que as notas caian co manto da noite e os fogos de artificio.

Ferrol, visto dende A Malata en atasco de San Ramón, é aínda máis un fervedoiro de lampariñas titilantes. Xentes vidas de todos lados voltan á casa, que cheira máis a fogar cando nace setembro. Non vén un novo ano, pero case. Cadaquén terá os seus propósitos, pero aínda bulen na memoria os ritmos do Bellón. E de momento, niso, todos están de acordo. Que non é pouco. E boa falta fará, vistos os tempos que se aveciñan. Tivo que lograło a gaita, por unhas horas cando menos, e coa música da terra. Todos canda un xabarín perdido, engatusado como aqueloutros bichos do conto do frautista...

¿Ou era un gaiteiro?





## 14º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLON»

# ARTE NO AIRE



por Amparo Ginés

Non agardaba agosto tal despedida en Ferrol, pola falla de merecementos deste ano. Logo de pasar gris, venteiro, neboento, marchou con luz e agarimo de gaita. Música. Un sopro de osíxeno entre este aire de chumbo que anuncia incerteza para Ferrolterra. 31 de agosto. Colofón de festas para unha bisbarra que albisca aínda esperanza trala lucería embaucadora; folgos para cando caia a última nota, e ilumine a noite sobre a Ría o derradeiro foguete.

Neste case adeus dun verán que non foi tal, e como para racha-la preguiza, rebule o Ateneo en actividade. Así o fai dende catorce anos atrás, entre foles, palletas e sons. Sons da terra enriquecidos con qué sei eu, pero que soan a novo. E a terra. Despois decátaste, claro, de que aquel andaba anoxado coa moza, que estoutro vén da Arxentina, que un acaba de ser pai, e resulta que o son énchese de contido, de historias, de formas de tocar. Doces como unha síncopa calquera, revoltas no xenio dun mordente encabritado –moito mordente falta ás veces, ben entendido, claro está–. O público recibe, encantado, as doses de sorpresa sen estridencias dese xiro non agardado, do taconazo no chan, dos silencios estratéxicos no significado da peza.

Os nervios tralo escenario foron logo arte no aire, que de entre as mans do gaiteiro revoaban cara ao auditorio. Os cinco sentidos postos por cinco minutos, se cadra menos, na peza aquela «para Joaquín, Luis, Laura, Xesús, mi abuela, un lampantín...». Moitas notas con mensaxe, moito talento disposto en horas de dedicación. E así un, dous, tres, catro... ata dez finalistas. Pobre xurado, pensaría algún que non vira a quen esperaban o veredicto. Iso é sufrir. Que algo ten o Bellón que estes rapaces saen a por todas.

Algún papel de relevancia tivo a gaita como de salto xeneracional, semella. Aquí, nestas xenealoxías, asoma moito avó que tocaba, e case ningún pai. E así e todo, a arte aflora con claridade recente, o mesmo dende Bos Aires que dende Fene ou Valladolid. E se acaso Galicia leva dianteira na proximidade, pouca vantaxe é para o de Hío vir de vila olímpica. Que manexar un remo non é acariñar unha gaita, por moitas de Cal que lle poñan. Mais será cousa de pulmóns -que iso si conta para os dous-, que Alberto soubo encher «a FIMO» (que lle chaman por aquí) este ano. Con dedicatoria de vencedor, deixa que as notas caian co manto da noite e os fogos de artificio.

Ferrol, visto dende A Malata en atasco de San Ramón, é aínda máis un fervedoiro de lampariñas titilantes. Xentes vidas de todos lados voltan á casa, que cheira máis a fogar cando nace setembro. Non vén un novo ano, pero case. Cadaquén terá os seus propósitos, pero aínda bulen na memoria os ritmos do Bellón. E de momento, niso, todos están de acordo. Que non é pouco. E boa falta fará, vistos os tempos que se aveciñan. Tivo que logralo a gaita, por unhas horas cando menos, e coa música da terra. Todos canda un xabarín perdido, engatusado como aqueloutros bichos do conto do frautista...


¿Ou era un gaiteiro?

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879







# EXPOSICIÓN COLECTIVA DE OBRAS DE PEQUENO FORMATO

**Estimados Socios/as - Pintores:**

Énos grato informalos que do 10 ó 30 de decembro de 2004 imos celebrar, nas salas do Ateneo, a I EXPOSICIÓN DE PEQUENO FORMATO, só para socios e socias do Ateneo Ferrolán, na que podes participar con 1 ou 2 obras.

Para iso, debes enviar as obras antes do 30 de novembro, acompañadas dunha plica onde se sinale o nome do autor, enderezo, título da obra, así como o seu prezo si é que a desexas poñer á venda, a medida máxima da obra será de 55 x 50 cm. incluíndo o marco.

O expositor que venda a súa obra ABOARÁ ó Ateneo unha comisión do 10%. Os gastos que orixine a exposición como catálogo, copa de viño da inauguración,... correrá a cargo do Ateneo Ferrolán, excepto transportes e seguros.

As obras non adquiridas, deberán ser retiradas no prazo máximo dun mes, logo da clausura da exposición.

Esperando a túa participación, recibe un cordial saúdo,

**VOCALÍA DE ARTES PLÁSTICAS**
**ATENEO FERROLÁN**



# FORUM BARCELONA 2004


Misión do "FORUM UNIVERSAL DAS CULTURAS - BARCELONA 2004"

1.- Promover diálogo, estudio, reflexión, innovación e imaxinación para conquerir unha "cultura da paz" e unha "ética global" no inevitable proceso que estamos a vivir.

2.- Transmitir e difundir o ideario da UNESCO.

Habería que facer unha análise profunda do que quixo ser e foi na realidade o FORUM. Tarefa complexa e difícil, máis a amplitude e grandeza dos fins pretendidos, as discutidas actividades desenvolvidas, as connotacións e realidades "colaterales" e as abundantes críticas publicadas parécenos que merecen un traballo amplo, documentado e crítico, que colabore coa causa, na liña de mellorar e impulsar en positivo futuras edicións.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org



# FELY MANZANO RECIBE O PREMIO Á MELLOR ACTRIZ NO 2° FESTIVAL DE CINE E VIDEO DE SAN TELMO (BUENOS AIRES, ARGENTINA) POLO SEU TRABALLO EN "AS MUXICAS"




22-08-2004. A curtametraxe galega producida pola empresa catalana *Grup Cinema Art & CECC* alzouse cos premios á mellor actriz (para a galega Fely Manzano) e ó mellor son, no 2° Festival de Cine e Vídeo de San Telmo celebrado onte na capital porteña. O traballo de Carlos Alberto Alonso competía con 40 traballos de diversas nacionalidades: Argentina, España, Colombia, Uruguay, Reino Unido, etc. Fely Manzano –a Sra. Carmen na teleserie Pratos Combinados– actriz que goza dunha grande popularidade entre os espectadores da TVG, será ademais unha das protagonistas de "Belladona", a nova curtametraxe de CARLOS ALBERTO ALONSO, actualmente en preprodución.

Xoves, 18 de Novembro vaise presentar neste Ateneo Ferrolán o libro de **AQUILINO DUQUE GIMENO**

***EL PIOJO ROJO*** (Editorial PRETEXTO, Valencia).


A continuación lles ofrecemos unha breve escolma do autor.

**Aquilino Duque** naceu en Sevilla o 6 de xaneiro de 1931, pero a súa infancia transcorreu en Zufre e a súa adolescencia en Higuera de la Sierra. Cursou estudios medios e superiores en Sevilla e ampliou estudios en Inglaterra e Estados Unidos. Cultivador de xéneros diversos, ten o premio "Washington Irving" de contos, o "Leopoldo Panero" e o "Fastenrath" de poesía, máis o Nacional de Literatura pola súa novela *El mono azul*. É individuo de número da Real Academia Sevillana de Buenas Letras e residíu en diversos países como profesor visitante e como funcionario internacional. *La linterna mágica* foi traducida ó italiano en 1973.



Declaramos **deserto** o premio dun lote das nosas publicacións. Ninguén respostou á chamada feita no nº anterior de ATENEA.

**No Palacio Real do Príncipe de Asturias en MADRID, hai un cadro do xove artista ferrolán "OLET"**, un valor en alza que non hai que perder de vista. ¡NORABOA!



**Resposta do benquerido ISAAC DÍAZ PARDO ó Presidente do Ateneo Eliseo Zaera Ríos a unha pregunta sobre episodios ocorridos no ano 36. (Reproducímola en facsímile polo seu valor).**

Sr. Eliseo Zaera Rios
Pte Ateneo Ferrolán
Ferrol

Benquerido amigo,
Atópome agora coa súa carta do 11 de febreiro último, que ficaba tan traspapelada como todas as cousas da miña vida perdida nos meu 84 anos. Pídolle perdón.

Por outra banda podo decirlle do seu parente Xosé Carnero Valenzuela poi si ben o conocín antes guerra nos actos do plebiscito de autonomia non podo dizer máis que aquel home que traballaba pola causa. Decátase que no ano 36 eu tiña 16 anos. e Carnero sería un home de 36 ou 28 anos.
Até o 15 de agosto do 36, cando miña irmán poido recuperar o album que dibuxou meu pai na cadea, soupen que Carnero Valenzuela estivera con el alí, e sabes que o meu pai o consideron como "auga pura".
Cando fixen un dos viaxes a Galiza, dende América, podería ser no 62, Rafael Dieste e máis eu estivemos, con el en Rianxo, mais parecéunos que el aínda tiña algun medo de falar.
Non hai moito a súa filla e o seu xenro deixaronos algúns papeis pra recordalo nalgun intre en algunha publicación, papeis que ten da súa man unha historiadora que traballa acó, Mª America Díaz.
É todo canto lle podo informar.
Vai unha aperta tensa de

Díaz Pardo
7.7.2004

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

## OUTUBRO

5 de Outubro, ás 19,30 horas.
Retomamos o **CLUB DE LECTURA**



Martes, 5 de Outubro, as 20.30 hrs.

*MartesDeCine:* **"CAMARON"**
Concerto en Paris e entrevista



Martes, 12 de Outubro, as 20.30 hrs.

*MartesDeCine:* **"VÍCTOR JARA"**
Documental sobre a súa vida
e a súa música



Martes, 19 de Outubro,, as 20.30 hrs.

*MartesDeCine:*
**"BOB MARLEY"**
Documental sobre a súa vida
e a súa música



Venres, 22 de outubro, ás 20.15 hrs.
*CONFERENCIA:*
**"YAK 42 , LA LUCHA POR LA VERDAD"**
por CARLOS RIPOLLÉS


24 Outubro
**DÍA DAS NACIÓNS UNIDAS**

## NOVEMBRO

Martes, 2 de Novembro, as 20.30 hrs.

*MartesDeCine:*

**"TRILOXÍA QATSI - KOYAANISQATSI: VIDA FORA DE EQUILIBRIO.**




Martes, 9 de Novembro, as 20.30 hrs.

*MartesDeCine:*

**"TRILOXÍA QATSI - POWAQQATSI: VIDA EN TRANSFORMACIÓN.**



Martes, 16 de Novembro, as 20.30 hrs.

*MartesDeCine:*

**"TRILOXÍA QATSI - NAGOYQATSI: VIDA COMO GUERRA.**



SEMANA do día 8 ó 14 de Novembro
**HOMENAXE A JOSÉ CANALEJAS MÉNDEZ**
150 aniversario do seu nacemento en Ferrol.
O día 12 de novembro de 1912 foi asasinado.
Cúmprense 92 anos da súa morte

## EXPOSICIÓNS

Do 1 ó 13 de Outubro
PINTURAS de ***JORGE TELLO***

Do 15 ó 27 de Outubro
ESCULTURAS de ***JUAN VILA CASTRO***

Do 29 de Outubro ó 10 de Novembro
PINTURAS de ***MARUXA MARTÍN***

Do 12 ó 24 de Novembro
PINTURAS de ***MERCEDES ROMERO***

Do 10 ó 30 de Decembro
**I EXPOSICIÓN DE PEQUENO FORMATO**
(Para socios e socias. Axuntamos carta de invitación para participar)

## CLUB DE LECTURA



**Tódolos primeiros Martes de cada mes**

Encontros coa LECTURA,
baixo a coordinación de

ÁNXELES SEOANE

Xúntanse 20 socios e socias
tódolos primeiros martes de cada mes
para reflexionar e comentar un libro.





Xoves, 18 de Novembro
PRESENTACIÓN DO LIBRO
***EL PIOJO ROJO***
de **Aquilino Duque Gimeno**
(Editorial PRETEXTO, Valencia)
[Máis información na sección de Breves]




Venres, 19 de Novembro
CONCERTO CORO MIXTO
**"A XUNQUEIRA"** de San Valentín - Fene

20 Novembro
**DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DO NENO**

25 Novembro
**DÍA DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO**

Luns, 29 de Novembro
**DÍA INTERNACIONAL DE SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO**



## DECEMBRO



1º QUINCENA
...adicada á lembranza do Almirante AZAROLA

Mércores, día 1, ás 20.15 hrs.
PRESENTACIÓN DO LIBRO
**ADIÓS ESPAÑA. Verdad y mentira de los nacionalismos**
de **Jesús Laínz**




6 Decembro
**DÍA DA CONSTITUCIÓN**

10 Decembro
**DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS HUMANOS**

Días 27 – 28 – 29 de Decembro
**XORNADAS DE CURTAMETRAXES**
**Adicadas áós traballos realizados en Ferrol ou por autores e autoras da cidade.**


## MARTES DE CINE

O **Colectivo Opaíí!!** e o **Ateneo Ferrolán** continúan co seu ciclo de música e cine.

**As proxeccións terán lugar no Ateneo Ferrolán o a partir das 20:30 h.**

A entrada é de balde, aínda que haberá a disposición dos asistentes material promocional de apoio ao colectivo: fanzine, camisolas, chapas...

Pregase puntualidade.



CONVOCATORIA DUN

### CURSO DE FOTOGRAFÍA DE NATUREZA

O curso básico se desenvolverá en 12 horas lectivas que se complementarán cunha proxección de diapositivas que axuden a aprender os conceptos tratados.

Tamén se entregarán follas de auto avaliación que se corrixirán ó final de cada clase.

O curso finalizará cunha clase práctica no campo.

Inscricións e información adicional na secretaría do Ateneo Ferrolán

CUSTE:
SOCIOS e SOCIAS: 50 euros
NON SOCIOS e NON SOCIAS: 60 euros





Magdalena, 135 - Telf./FAX: 981 352 471

Cobelo

*Molduras*
*Cuadros*
*Espejos*
*Grabados*
*Portafotos*
*Artículos de Bellas Artes*



GALERÍA FERROL



SARGADELOS

Tlf.: 981 35 37 14
Fax: 981 35 37 16
Rúa Dolores, 35, baixo
1542 · FERROL



**En Ferrol**




**Josbe**

GRUPO Image Center

**Sus fotografías en 1 hora**

*Y recuerde:*
*Si lo encuentra más barato le abonamos la diferencia*

**Real, 169**
**C. Comercial Portanova**

**Télf.: 981 353 131**
**981 328 087**



ferrol e "A ILUSTRACIÓN"

A MAGDALENA
centro comercial
aberto

AS NOSAS TENDAS

# LEMBRANZAS DE... RICARDO PENA

Outra das cousas que lembro son as "romarías", e moi especialmente a de Chamorro. Aquí, vin moitas veces ás pobres mulleres subindo a pedregosa costa cos xeonllos ensanguentados para "pagar unha promesa" á santa.

Pero acaso pide Deus de nós semellantes sacrificios?. Non din San Pablo que "Cristo, cun só sacrificio fixo perfectos para sempre ós santificados"? (Hebreos, capítulo 10, versículo 14). Eu creo que se a Igrexa Católica tivese adoutrinado ós seus fieis segundo as ensinanzas bíblicas, non se cometerían esas barbaridades que, ó meu xuízo, son unha ofensa a Deus; porque se esixira de nós tales sacrificios non sería o que di a Biblia: "Deus é amor" (1ª San Juan, cap.4, vers.8).

Mais, á parte do relixioso estaban as merendas que, estendidas polos abundantes piñeiros (que por desgracia desapareceron) alegraban o ambiente e até os piñeiros ofrecían as súas ramas para colgar a roupa e as botas de "Ribeiro". Aquela ermida pertencía á familia Valerio. E lembro que na república ós curas se lles suspendera a paga do Estado. E o párroco de Serantes, D. Salustiano Rodríguez Celeiro, empeñárase en facerse cargo da ditosa ermida, porque alí (penso eu) abundan as esmolas e as ofrendas de cera. Pero o señor cura non saíu coa súa. E este relato podo afirmalo porque naquel tempo eu era o acólito. E moi querido polas beatas.

E continuando de romarías, non podo deixar de mencionar a de San Pedro de Leixa que se celebraba no famoso souto da marquesa de San Sadurniño. Alí acudía todo Ferrol cargando cestas de comida para celebrar ese día á sombra das abundantes árbores daquel fermoso lugar. As merendas organizábanse por grupos familiares ou grupos de amigos que saían en cuadrilla da cidade e regresaban todos xuntos cantando "Apaga o candil". E era tan célebre esta festa que algúns (dicíase), acudían á Casa de Empeño para poder celebrala.

Outro dos sitios nos que se celebraban algunhas merendolas era no Souto da Sardiña, en Pazos – Serantes hoxe totalmente desaparecido. Eu, nos meus comezos aínda pintei algunha caiota das moi poucas que quedaron daquel famoso bosque. Pero o que si quedou en Ferrol é unha canción relacionada con aquel lugar. Di así:

*"Allá en el río de la sardina*
*una columna yo vi avanzar,*
*los socios eran del club del crollo*
*que al soto iban a merendar"*

*(continúa)*

Alá polos anos trinta, había un zapateiro en Serantes, que, ademais de reparar moi ben os zapatos era un artista organizando comparsas nas festas do entroido. Nunha ocasión saíu facendo

«...vin moitas veces ás pobres mulleres subindo a pedregosa costa cos xeonllos ensanguentados para "pagar unha promesa" á santa».



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org



«Alá polos anos trinta, había un zapateiro en Serantes, que, ademais de reparar moi ben os zapatos era un artista organizando comparsas nas festas do entroido».

de profesor á antiga usanza co correspondente chaqué e bombín, acompañado por un grupo de alumnos de entre trinta e cincuenta anos. E a primeira lección empezaba así:

Dicía o mestre:

*"Vamos muchachos a dar discrección*
*de geografía de esta población".*

Respostaban os "mozos":

*Los ríos más grandes de nuestra patria*
*son el río de la Sardina y el de Miño*
*que desembocan en La Malata.*

...............

*Corredoiras intransitables*
*la de Botana*
*que en invierno y verano*
*es pura lama.*

...............

O mestre:

*Y que otras cosas tiene de particular*
*donde el forastero se pueda recrear ?*

Resposta:

*A los domingos paseo de moda*
*por la avenida de Joaquín Costa,*
*una luz eléctrica que es una monada*
*cuando no está encendida está apagada.*

E todo isto acompañado da correspondente música ideada tamén polo propio Caruncho, que así era o seu apelido. O nome creo que era Ramón.


Outro ano (tamén polo entroido) ocorréuselle facer un entroido do tamaño dun home e pasealo por toda a parroquia cun carro de vacas, cosa que conseguiu coa axuda dun amigo seu de Pazos. E cando tiña todo a punto ocorreuselle arrincar un tremendo nabo na horta de "Lola la Federica", e colocarllo ó entroido no sitio "adecuado". Ben, isto foi a reoca!. Unha veciña ó ver aquelo dixo: "ese zapateiro é un porco". E lle responde outra: "Mira muller, déixao, porque vale máis que ensine o nabo do entroido que non o del".

Fai poucos días que comentei este relato co meu veciño Manolo Lorenzo, fillo do famoso gaiteiro Lorenzo, fundador do *Coro Toxos e Froles*. El tamén lembra ó famoso Caruncho e as súas xenialidades.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

A Caixa galega do século XXI

caixanova



Temos unido o mellor de nós mesmos para crear a Caixa Galega do Século XXI. Agora somos máis. Agora somos mellores. E o máis importante: contamos coa ilusión e o entusiasmo de centos de miles de galegos.

Un nome: Galeguidade, Credibilidade, Modernidade, Compromiso.

Unha marca: Sinais de identidade, Cores de Galicia, Tipografía de futuro. CAIXANOVA. Nace un futuro con máis ilusión para os galegos.

# III CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA 2005"

## BASES

1. As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o III Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA", dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, co fin de promover entre eses primeiros segmentos de nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica.

2. PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas categorías que se establecen nestas Bases.

3. CATEGORÍAS. Establécense tres categorías para a participación neste Certame:

A) Grupos de Teatro Infantil
B) Grupos de Teatro Primaria
C) Grupos de Teatro Xuvenil
D) Educación Especial

A idade límite para participar como actor será de 20 anos.

4. CONDICIÓNS BÁSICAS.

a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.

b) A duración da representación de cada obra estará entre 20 e 75 minutos.

5. Tódolos grupos que queiran participar deberán envia-las súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Aptdo. 303. CP 15402. Ferrol) nas cales farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).

6. PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata **o 21 de xaneiro do 2005**. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente poderán presentar unha gravación da obra en formato VHS, CD ou DVD.


7. REALIZACIÓN. REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2005, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de DOUS grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría C haberá unha selección dun só grupo. O Xurado valorará en cada representación os seguintes apartados:

a) Mellor posta en escena
b) Mellor representación

8. XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e maila Caixa Nova, entre persoas representativas dos medios culturais e do ensino.

9. PREMIOS. Tódolos grupos seleccionados, como parte do Premio, actuarán na Fase Final do Certame, a celebrar entre os meses de maio e xuño, nun lugar a determinar pola Organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos polo importe de douscentos cincuenta euros (250 euros) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas.

10. A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos non contemplados nelas, serán resoltos polo Xurado sen ningún tipo de apelación. ⌘



O VI

# O VIÑO III

**por Tono da Graña**

*Magister Bachanalium* da Beatífica Cofradía del Colmillo

Continuación do mini-dicionario VITI-VINÍCOLA

*VARIETAIS BRANCAS* (segundo orde alfabético)

**LAIRÉN**.– Nome da "airén" en Andalucía.

**LISTÁN**.– Outro nome da "palomino".

**LOUREIRO/A**.– Xunto coa "albariño", é unha das variedades mellores de Galicia. Produce viños brancos secos, fragantes e florais. É un feito habitual usala en combinación coa "treixadura", o que lle compensa o pouco contido de azucre.

**MACABEO**.– Variedade cultivada en todo o norte de España. Produce un viño branco seco e fresco, aínda que bastante neutro. Tamén coñecida por "viura", representa o 90% das variedades brancas da Rioxa. En Cataluña, e unha das "tres grandes" utilizadas para facer o cava. Os varietais de "macabeo" envellecen rapidamente co que é bo bebelos en plena flor de xuventude, cando aínda son agudos e perfumados. Hai plantadas 35.000 ha.

**MALVAR**.– Brancos con pouca personalidade. Propios de Madrid e Toledo.

**MALVASÍA**.– Hai diferentes tipos de malvasía, aínda que os expertos non chegan a poñerse de acordo acerca dos que se cultivan en España. Parece ser que a "malvasía" rioxana, que foi un grande compoñente do branco

## A CRIANZA DOS VIÑOS

Ben. Vou tentar paliarvos este estrés post-vacacional adozando os vosos sentidos con outro «groliño» de viño.

Empezarei cun retazo histórico para facer máis leve a entrada en materia posto que, ó peor, pode resultar un tostón.

Sen sustos, porque como xa teño exposto, esto non quere ser máis que unha forma de introducción ó mundo do viño como aporte cultural (neste caso pouco, por quen o expón) en vez de ter a vocación de acadar "lustra" porque está de moda demostrar grandes coñecementos nesta materia.

Perdón.

Imos aló.

Até case rematado o século XVIII, non chegaron ó noso país outras maneiras de elaboración do viño tendentes a conservalo máis aló da añada natural da colleita. Até entón os sobrantes tirábanse ó chegar a do ano.

Mágoa.

Foi o Deán da Catedral de Burgos –parécemo a min, ou cada vez que se fala de creación, conservación, mellora de viños e mesmo licores ou cervexas aparece polo medio a Igrexa?– Manuel Esteban Quintano y Quintano quen, despois duns anos de estudio das prácticas habituais de Burdeos, comenzou a introducir sistemas para envellecemento do viño en barrica.

Como se pode comprender a cousa non quedou soamente na posibilidade de conservar os viños por máis tempo, senón que eclosiona un mundo novo, cheo de posibilidades, ó comprobar que a crianza en barrica deixaba, non só criar viños máis estables, senón que resultaron ser de aromas máis afinados, cores elegantes e sabores dunha delicadeza non coñecida até entón.

Pasemos, logo, á parte máis ou menos didáctica.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

### CONTROL DA UVA

O habitual é que un mes antes do comenzo da vendima se empece con mostreos das uvas de cada pago. Os mostreos repítense cada semana para fixar a calidade das uvas, así como marcar a data idónea de vendima para cada un dos pagos.

Nunha segunda fase, o control faise a entrada da uva na adega. A traveso dun "toma mostras», analízase a calidade de cada partida en función dos resultados.

O normal para este fin é dispoñer de dúas ou máis tolvas para deixar que a vinificación se faga por separado en función das distintas calidades.

### CALIDADE DOS VIÑOS

O sistema de elaboración é o habitual para os tintos, (dos que estamos a tratar) elaboración da que xa falamos algo e do que seguiremos a falar.

Sen embargo, quixera sinalar un dato que me parece interesante: E é que os viños destinados á crianza, xa chegan coa fermentación maloláctica feita.Unha vez superada a fermentación maloláctica, téñense que cumprir outros pasos antes de que o viño estea disposto para afrontar a crianza oxidativa.

### SELECCIÓN DOS VIÑOS


Unha vez acadados os viños, o normal é que empece un proceso analítico e sensorial levado a cabo polo comité de cata de cada adega, para concluír co resultado en tres categorías: Primeira, Segunda e Terceira.

Nin que dicir ten que os de Primeira son os destinados para acadar sendo Grandes Reservas. Trátase de viños máis alcohólicos, mellor dotados de cor, harmónicos, con máis corpo, viñosos e equilibrados.

### PREPARACIÓN DOS VIÑOS

**Mestura**

Esta é unha práctica habitual en todo o mundo. De feito, querendo observar a contraetiqueta dos viños da Rioxa, por exemplo, decatarémo-




nos de que, ademais da uva TEMPRANILLO (base por excelencia de esa D.O.) a maioría dos enólogos mestúranlle dun 5% a un 20% de GARNACHA, MAZUELO (Cariñena), ou GRACIANO co fin de potenciar volume, acidez, cor, aroma,... do viño resultante.

A mestura, sen dúbida, contribúe a diferentes fins:

a) A conservación da tipoloxía do viño.

b) A uniformidade do producto resultante.

c) O reforzamento de aspectos –cor, labor, olor,...– dos viños que xa están destinados para crianza.

**Clarificación**

É a garante da limpeza do viño. Antigamente utilizábanse as claras dos ovos (de aí o nome) e é por iso polo que, nos sitios de grandes producións de viños a repostería é case sempre cunha base importante de xemas. Qué ían facer senón despois de usar as claras?.

A operación consiste na incorporación á masa do viño de sustancias que favorezan, por precipitación, das partículas e residuos que contén.

Hoxe en día úsanse sustancias orgánicas (xelatinas, colas de peixe, caseína e albúminas) tanto como inorgánicas ou minerais (terras especiais ou bentonitas).

**Refrixeración**

O viño sométese a temperaturas próximas ó seu punto de conxelación, manténdoo en depósitos isotérmicos perante un tempo que oscila entre os oito e os doce días. Que se acada con isto? Pois se consegue a precipitación dos sales de potasio, parte dos sales cálcicos, materiais colorantes e complexos férricos.

Posteriormente farán o **Filtrado**, operación que tamén se fará a temperatura máis baixa posible.

**A Crianza Oxidativa**

Vamos a concluír cun pequeno comentario acerca da crianza oxidativa. Como xa adiantabamos un dos artigos precedentes á barrica –debido á súa porosidade– permite certa permeabilidade ó osíxeno. Esto é conveniente sinalalo porque debido a esa porosidade vaise dosificando a mestura de osíxeno co viño producindo unha serie de oxidacións en cadea nalgúns compoñentes dos viños os cales, a súa vez, forzan cambios químicos noutros compoñentes.

Este fenómeno vai ser de particular importancia para a evolución harmónica do viño.

Coa crianza oxidativa búscase a prolongación da vida do viño, así como o mantemento das súas cualidades, previndo as posible alteracións que poida sufrir ó longo do tempo.

criado en barricas de carballo, non é idéntica á cultivada en Zamora e Canarias. Hoxe en día, desprazada pola "viura" representa tan só o 5% das variedades brancas da Rioxa.

**MERSEGUERA**.– Variedade básica de Valencia e Alicante, onde se utiliza para facer viños lixeiros, refrescantes e levemente afroitados.


**PALOMINO**.– Por natureza é unha variedade branca, grande e zumenta, que produce viños máis ben mediocres. Cultívase moito en España, sobre todo en Rueda e en Galicia, aínda que están sendo reemprazadas gradualmente. Sen embargo hai unha zona en España onde acadan a súa perfección. Trátase dos chans de albariza próximos a Jerez de la Frontera, e que serven para facer viños básicos de "Jerez".

**PANSÁ BLANCA**.– Véxase XAREL-LO.

**PARELLADA**.– Considerada a mellor branca de Cataluña, utilízase para facer viños espumosos e non espumosos. Por sí mesma, fai uns viños de baixa gradación alcohólica, de aroma floral e padal agudo. Polo xeral, mestúrase con "macabeo" e "xarel-lo" coa fin de obter viños bos, pero máis ben neutros como base para o "cava".

**PEDRO XIMÉNEZ**.– Baixo o doente sol de Andalucía, esta variedade acada unhas enormes concentracións de azucre. En Montilla, sen necesidade de recorrer ó encabezado con brandy, chega a superar os 15 graos de alcohol. Cultívase en todo o sur de España, onde ten numerosas aplicacións. Concretamente en Málaga e Jerez, o mosto desta variedade úsase para adozar outros viños, mentres que en Montilla-Moriles é o pilar de tódolos viños da rexión. En outras comarcas, prodúcense viños brancos, secos, chegando a ásperos e de grande contido alcohólico.

Ateneo Ferrolán
www.ateneoferrolan.org



# O CENTO CINCUENTA ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE JOSÉ CANALEJAS

Juan J. Burgoa



*Retrato de Canalejas. Concello de Ferrol*

Vén de cumprirse o 150 aniversario do nacemento en Ferrol de José Canalejas Méndez. A España da súa época, desde a promulgación da Constitución do ano 1876 ata a dictadura de Primo de Rivera do ano 1923, viviu o máis longo período constitucional da súa historia. Durante a devandita etapa, prácticamente se seguiu unha ordenada e ficticia alternancia de goberno entre os partidos liberal e conservador, que logrou deixar atrás a época anterior de intervención dos militares na política.

O Partido Conservador, liderado primeiro por Cánovas e logo por Maura, e o Partido Liberal, dirixido por Sagasta, ao que seguiron Moret e o propio Canalejas, alternánbanse no poder de xeito pactado, cunhas regras de xogo baseadas máis nunha estratexia electoral que en posicións políticas consolidadas. Tratábase dun sistema que funcionaba de arriba a embaixo, consistindo os partidos nunha rede de intereses clientelistas, dirixida por grandes oligarcas que se apoiaban nuns caciques provinciais que, á súa vez, manexaban as masas electorais.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org


O día 31 de Xullo de 1854 naceu José Canalejas Méndez no segundo andar dun casarón do século XVIII, entón número 134 da rúa Real de Ferrol, esquina con Arce, fillo do barcelonés José Canalejas Casas e da sevillana María del Amparo Méndez Romero, sendo bautizado ao seguinte día na igrexa castrense de San Francisco. Tivo dous irmáns máis pequenos, Amparo e Luis, falecidos antes ca el. O seu pai era enxeñeiro industrial, formado en Liexa (Bélxica), e veu destinado desde Madrid, onde era profesor do Real Instituto Industrial e director da revista *El Eco Agrícola*, a Ferrol, como director da nova Escola de Maquinistas da Armada e da factoría do Arsenal. Na súa curta estadía na nosa cidade, tamén foi o fundador e director do semanario *El Eco Ferrolano*, editado pola imprenta Nicasio Taxonera, desde o ano 1854.

O ano 1855, sen cumprir os dous anos de idade, a súa familia trasladouse a Madrid, onde o pai traballou nas empresas ferroviarias do marqués de Salamanca. O ano 1862 naceu o seu irmán Luis, que sería enxeneiro de Camiños, Canais e Portos, deputado por Girona e Gobernador Civil de Madrid, mentres José demostrou o seu talento e precocidade cursando os seus estudos no Colexio de Santonja da rúa Colegiata e no Instituto de San Isidro. Pasou logo á Universidade Central onde se licenciou en Filosofía e Letras á vez que estudiaba a carreira de Dereito, doutorándose en ámbalas dúas facultades nos anos 1871 e 1872. Con 18 anos relevou ó seu tío Francisco de Paula Canalejas Casas, coñecido literato e filósofo, como catedrático auxiliar da Facultade de Filosofía e Letras na asignatura de Principios Xerais e Historia da Literatura Española. Pronto se deu a coñecer como destacado orador no Ateneo Científico e Literario de Madrid e na Academia de Xurisprudencia e Lexislación, sendo tamén moi polémicas as súas conferencias no Casino Militar da Gran Vía madrileña.

«Malia que en principio se sinalara polas súas ideas avanzadas e democráticas, simpatizando cos principios republicanos, foise separando pouco a pouco deles, ingresando no Partido Liberal».

Empezou a traballar no ano 1875 como secretario xeral da Compañía de Ferrocarriles de Madrid, Ciudad Real e Badajoz, empresa dirixida polo seu pai. O ano 1881 dedicouse de cheo á actividade política, aínda que se iniciara dous anos antes co seu ingreso no Partido Progresista Democrático, de tendencia republicana, de Manuel Ruiz Zorrilla. Malia que en principio se sinalara polas súas ideas avanzadas e democráticas, simpatizando cos principios republicanos, foise separando pouco a pouco deles, ingresando no Partido Liberal de Cristino Martos, co que, non embargante, se acentuarían as súas diferencias, chegando a baterse nun duelo de arma branca en Xaneiro de 1890 na madrileña rúa de Alcalá, preto da praza de touros de Ventas, resultando ferido na fronte.

En Agosto de 1881, á idade de 27 anos, foi elexido por vez primeira deputado a Cortes por Soria ata o ano 1883 no que o foi por Ágreda. No ano 1887 conseguiu o escano por Algeciras, sendo nomeado vicepresidente segundo do Congreso, e finalmente por Alcoy, cidade que o nomearía fillo adoptivo, atinxindo unha forte implantación de rasgos populistas e unha sólida base de seguidores na provincia de Alicante, que lle permitiu acadar de xeito continuado o seu escano e exercer a súa longa carreira parlamentaria á marxe dos maioritarios liberais e conservadores, mantendo





sempre unha certa independencia e unha política de alianzas circunstanciais con ámbolos dous partidos. O seu primeiro cargo na Administración foi o de Subsecretario da Presidencia con Posada Herrera no ano 1883.

Durante a rexencia de María Cristina de Habsburgo, acercouse ao Partido Liberal de Mateo Sagasta, desempeñando nun primeiro goberno presidido por éste os ministerios de Fomento (xuño a decembro de 1888) e de Gracia e Xustiza (decembro de 1888 a xaneiro de 1890); no segundo goberno foi ministro de Facenda desde decembro de 1894 ata marzo de 1895. Dous anos máis tarde comenzou a afastarse da dirección do Partido Liberal e a formular o seu propio programa político, cualificado como rexeneracionista. Non embargante, entre marzo e maio de 1902, volveu a ser ministro de Agricultura, Industria, Comercio e Obras Públicas, ás ordes de Sagasta, no derradeiro goberno da rexencia de María Cristina e primeiro do reinado efectivo de Alfonso XIII.

Un ano antes da intervención norteamericana en Cuba viaxou pola illa caribeña e os Estados Unidos, amosándose totalmente contrario á guerra, aínda que as súas crónicas non se publicaron na prensa por indicación expresa de Sagasta. Mentres tanto foi separándose cada vez máis do liberalismo oficial ata que no ano 1902 creou o Partido Liberal Democrático. Foi nomeado Presidente do Congreso dos Deputados en xaneiro de 1906, nun intento de neutralización pola parte de Segismundo Moret, que xunto con Montero Ríos, Vega de Armijo e o propio Canalejas aspiraban a liderar o partido liberal, trala morte de Sagasta no ano 1903.

Os sucesos da Semana Tráxica de 1909, incluída a represión e o axustizamento de Ferrer Guardia, provocaron a caída do presidente conservador Antonio Maura, facilitando a volta do Partido Liberal ao goberno. O 21 de Octubre foi elexido Moret presidente do Goberno e, despois dun curto período, o rei substituíno por Canalejas, nun gabinete formado o 9 de febreiro de 1910 e no que o propio Canalejas exerceu brevemente o Ministerio de Gracia e Xustiza entre xuño de 1911 e marzo de 1912.

Na presidencia, que desempeñou durante algo menos de tres anos con constantes cambios ministeriais, exerceu unha ampla actividade coa súa reconecida capacidade de traballo, conseguindo importantes avances, salpicados por algúns fracasos, nuns difíciles momentos nos que se reforzaba a acción das organizacións sindicais, os republicanos e socialistas formaban unha conxunción política e unha rede de intereses políticos e económicos envolvían o conflicto armado de Marrocos. Durante a súa xestión tivo que enfrentarse cos conflictos mineiros de 1910 en Bilbao, os graves sucesos de Cullera e o motín do gardacostas Numancia no ano 1911, e a folga ferroviaria de setembro e outubro de 1912, coa conseguinte militarización dos traballadores.

Malia as súas firmes conviccións relixiosas, combateu o clericalismo e encarou a espiñosa cuestión relixiosa, promulgando a coñecida popularmente como "Ley del Candado", que se aprobou o 23 de decembro de 1910 e que prohibía o establecemento en España de novas ordes relixiosas. Tratouse dunha traballosa e avanzada norma, complementaria da anterior Lei de Asociacións, que permitía a liberdade de culto e restrinxía de xeito rigoroso as áreas de influencia da Igrexa e o Estado, feito que promoveu un gran impacto na opinión pública, orixinando unhas tensas e dificultosas relacións de España co Estado Vaticano.

No ano 1911 tivo unha decisiva intervención na denominada guerra de Marrocos que veu a supor o fortalecemento da posición española. Ante o continuo avance das tropas francesas nun territorio que se encontraba carente dunha clara delimitación colonial, ordeou decididamente a ocupación de Larache, Arcila e Alcazarquivir, así como o comezo da negociación dos tratados que, despois da súa morte, darían lugar á creación do Protectorado de Marrocos.

O 27 de febreiro de 1912 aprobouse a Lei de Reclutamento e Reemprazo do Exército, que creaba o servicio militar obrigatorio con tres anos en filas, aínda que introducía a controvertida figura do 'soldado de cuota'. Deste xeito suprimíase a redención en metálico e a sustitución en filas, sendo un


«Na presidencia, que desempeñou durante algo menos de tres anos con constantes cambios ministeriais, exerceu unha ampla actividade coa súa reconecida capacidade de traballo».


## A PARTIDA DE BAUTISMO DE CANALEJAS

Co motivo da visita a Ferrol de José Canalejas no ano 1907, o diario El Correo Gallego do 17 de Agosto do devandito ano publicou a transcipción da súa partida de bautismo:

*Al folio 89, vuelto, del libro 9º de bautizados, en la Parroquia castrense de esta ciudad, se halla la siguiente partida: En 1º de Agosto de 1854, Yo, D. José Benito González, Teniente Cura Castrense del Departamento de Ferrol, bauticé solemnemente en la iglesia de San Francisco un niño, que nació el 31 del mes anterior y a las tres de la mañana, hijo legítimo de D. José Canalejas y Casas, ingeniero de Maquinaria, natural de Barcelona, y de Dª María del Amparo Casas Méndez, de la ciudad de Sevilla. Púsele nombres José María Eduardo Ignacio. Abuelos paternos: D. José María y Dª Ana Casas, naturales aquél de Madrid y ésta de Pedrá en Cataluña. Maternos, D. José Méndez, difunto, y Dª Carmen Romero, naturales de la referida ciudad de Sevilla. Fue su padrino in solidum D. Eduardo Canalejas, natural de Barcelona, a quien advertí lo necesario. Y para que conste, lo firmé día ut supra.*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879






avance no camiño da modernización do exército, ao tratar de acomodar a organización das forzas armadas ás auténticas necesidades da nación. Respecto ao problema formulado polo nacionalismo catalán, o 16 de outubro de 1912 logrou que o Congreso dos Deputados aprobaseo seu proxecto descentralizador da Ley de Mancomunidades (agrupacións de provincias ou municipios), acordado gracias ás súas boas relacións con Enric Prat de la Riba.

Na orde social, impulsou medidas de regulación laboral como a Lei de Folgas Ferroviarias; reglamentou o traballo nas minas; prohibiu o traballo nocturno das mulleres; regulou a substitución optativa do xuramento pola promesa nos actos públicos, excepto os militares; elaborou unha nova lei de ensino, favorecendo a educación e a escola neutra, e aboliu determinados impostos como o de consumos que gravaba os artigos de primeira necesidade. Practicamente levou a cabo a reorganización de tódolos servizos do Estado e acometeu grandes melloras de infraestructura mediante un presuposto extraordinario de 1.500 millóns de pesetas, non chegando a rematar outras reformas, como unha lei de expropiación dos latifundios, polo seu imprevisto asasinato.

«Persoa de sólido prestixio, tanto na avogacía como na administración, moveuse nun difícil equilibrio entre as reformas e o principio de autoridade».


## O SEU IDEARIO E ACTUACIÓN PÚBLICA

Entre os abondosos traballos dedicados ao político ferrolán, a obra de Salvador Forner *Canalejas y el Partido Liberal Democrático* é a que fai a mellor análise do seu ideario político. Para o autor, en poucos políticos como en Canalejas deuse o paradoxo de concitar as incomprensións da dereita e a esquerda do espectro político á vez que exercía un longo e sostido protagonismo na vida pública, logrando coa súa actuación abrir o camiño cara a unha una sociedade democrática, cuns logros e propostas que se poden considerar progresistas e moi avanzados no seu tempo.

Foi xeralmente considerado como un político cunhas coordenadas de actuación dentro do reformismo liberal, incorporando matices intervencionistas e outorgando ao Estado unha función de equilibrio e armonización dos diferentes intereses e axentes sociais, á vez que intentou acabar cos latifundios e combateu o caciquismo. Desde o Goberno propugnou o establecemento dun marco de relacións sociais e laborais sobre a base da equidade e a xustiza social, evitando o uso da forza mentres defendía a arbitraxe entre as partes.

Participou do ideario do rexeneracionismo de Joaquín Costa, movimento político xurdido como consecuencia da crise política e social do ano 1898, defendendo un reformismo dinástico e unha rexeneración da vida pública. Máis discutible é a súa adscripción ao krausismo de Giner de los Ríos, movemento que afondaba no pensamento da Ilustración e que foi unha referencia ideolóxica da socialdemocracia da súa época, aínda que participou de moitos dos seus ideais, como a súa identificación cos principios éticos da xustiza social ou a súa fe na razón, a educación e o laicismo. Igualmente non hai acordo na súa pertenza activa á masonería que algúns autores lle adxudican, chegándose a escribir que foi elevado á presidencia do Goberno co inestimable apoio da Loxa de Cataluña, mais tamén se afirmou que esta sociedade secreta estivo comprometida na súa morte.

Persoa de sólido prestixio, tanto na avogacía como na administración, moveuse nun difícil equilibrio entre as reformas e o principio de autoridade, realizando un labor máis espectacular que eficaz, sempre coartado por moitos atrancos e limitacións.



*O asasinato de Canalejas*




Non embargante, representou unha maneira de facer a política claramente avanzada e de esquerdas para a súa época, sempre tratada de insuficente por republicanos e socialistas. A pesar das súas conviccións republicanas, desde o goberno mantivo unha pragmática e recoñecida lealdade á Coroa.

Noutros aspectos tivo unha gran calidade oratoria, que amosou nos seus discursos, conferencias e mítines políticos. Dotado dunha extraordinaria capacidade de traballo, podía soportar as maiores fatigas sen que o seu organismo semellara sentir cansazo. Proba diso foron as numerosas leis e avanzadas reformas que se promulgaron nos escasos tres anos nos que estivo na presidencia do Goberno. No aspecto persoal, maila a escasa vinculación directa coa cidade de Ferrol, tivo relacións de amizade con persoeiros locais como o arquitecto Rodolfo Ucha e o militar e político Joaquín Moreno.

## JOSÉ CANALEJAS E PABLO IGLESIAS

Na súa longa traxectoria pública, o tamén ferrolán Pablo Iglesias foi o primeiro concelleiro socialista no concello de Madrid, polo distrito de Chamberí, no ano 1905. No ano 1910, pouco tempo despois de que José Canalejas fose nomeado presidente do Goberno, obtivo a acta de deputado do Congreso pola circunscripción de Madrid, dentro da coalición de republicanos e socialistas, acta que mantería ata a súa morte o ano 1925.

Os historiadores coinciden en que o movemento socialista español da súa época non foi quen de comprometerse nunha política de colaboración, ou alomenos, de diálogo cos sectores máis liberais e reformistas do sistema, posiblemente debido a se veren obrigado a manter unha actitude de radicalidade pola presenza dunha forte tradición do sindicalismo revolucionario e anarquista. A pesares diso, Canalejas tratou de conseguir unha integración do socialismo no sistema, chegando a ofrecer no ano 1902 a Pablo Iglesias a secretaría do Instituto de Traballo.

Aínda que desde que o devandito ano 1902 Canalejas creou o Partido Liberal Democrático, procurando atraer ás súas proposicións a republicanos e socialistas, nun intento de ampliar a base social do seu movimento, as súas relacións con Pablo Iglesias estiveron baseadas na desconfianza mutua, chegando a recomendar o último aos militantes socialistas "que no se opusiesen a su campaña, pero que no se dejasen arrastrar por él".

## A SÚA MORTE. O ATENTADO DE PUERTA DEL SOL

Os anos finais do século XIX e os iniciais do XX foron a testemuña de catro magnicidios que significaron a morte doutros tantos presidentes do goberno español: Prim no ano 1870, Cánovas en 1897, Canalejas en 1912 e Dato en 1921. Con independencia das circuntancias dos mesmos e dos seus autores materiais, todos eles identificados, a día de hoxe os historiadores manteñen dúbidas e manexan diversas hipóteses sobre os auténticos motivos e os verdadeiros instigadores dos devanditos atentados.


*Monumento a Canalejas. Alicante*


Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

José Canalejas foi abatido por dous disparos de pistola na mañá do 12 de novembro de 1912, cando facía o seu acostumado traxecto sen escolta desde o seu domicilio familiar na rúa Huertas cara á sede da Presidencia do Consello na rúa Bárbara de Braganza, xunto á praza de Colón. Como tiña por costume, parouse a botar unha ollada ao escaparate da librería San Martín, desaparecida fai poucos anos, na madrileña Puerta del Sol. O autor material do crime foi un militante anarquista, Manuel Pardiñas (segundo algúns Pardina) Sarrato, fillo dun carabineiro e natural de El Grado, provincia de Huesca, que se suicidou a continuación dun tiro na testa coa mesma arma do crime.

O seu asesinato amosou unhas características especiais, que posiblemente non serían repetibles nos tempos actuais polas súas circunstancias. Ademais de se dirixir a pé ao seu despacho oficial e de non levar practicamente escolta, dando mostra das súas recoñecidas inquedanzas culturais, parouse a contemplar as derradeiras novidades editoriais no escaparate dunha coñecida librería.

Falecido practicamente no acto, o seu cadáver foi levado ao Ministerio da Gobernación da mesma Puerta del Sol, instalándose seguidamente a capela ardente no salón de conferencias do Congreso dos Deputados, onde ao longo do día e a noite foi despedido por milleiros de cidadáns. Foi soterrado na tarde do seguinte día, cun gran ceremonial e cunha concorrida asistencia ao cortexo presidido polo rei Alfonxo XIII, no Panteón de Homes Ilustres da Basílica de Nosa Señora de Atocha.

«Canalejas tratou de conseguir unha integración do socialismo no sistema, ofrecendo no ano 1902 a Pablo Iglesias a secretaría do Instituto de Traballo».




Moitos foron os ríos de tinta que correron tras este atentado. Numerosos foron os estudiosos que trataron o asasinato e, como ocorreu en moitos magnicidios, apuntáronse diferentes hipóteses, con maior ou menor acerto, sobre as derradeiras causas do atentado sufrido por Canalejas. A boa pluma, pódense citar diversos traballos de Constant Leroy, Moreno Mendoza, Francos Rodríguez, Sánchez Arjona, Antón del Olmet y García Carraffa, Sevilla Andrés, Jesús Pabón, Comín Colomer, Mauro Bajatierra e o seu propio fillo, logo Duque de Canalejas. Tamén, o mesmo ano 1912, rodouse en Madrid a curtametraxe *Asesinato y entierro de Canalejas*, na que o papel do asasino José Pardinas o interpretaba un xoven Pepe Isbert.

Todos eles oscilan na súa concordancia coas teses oficiais de que se tratou dun obxetivo prioritario do movemento anarquista, que en reunións previas decidira o seu asasinato pola súa política de contención e represión dos movementos folguísticos, fronte ás variadas explicacións que adxudicaban o asasinato ao apoio da masonería, a un complot dos republicanos, á inspiración do partido socialista, a unha conspiración da banca, a unha vinganza dos militares descontentos co tratamento do problema de Marrocos ou á simple actuación individual dun anarquista iluminado, vingando así a morte do seu compañeiro de ideas Ferrer Guardia.

Ultimamente, o historiador Sánchez Ferrera no seu libro *Cinco asesinatos que marcaron la Historia de España*, publicado en Madrid o ano 1998, expón unha alambicada explicación que implica unha relación directa de Pablo Iglesias co asasino de Canalejas, asegurando incluso unha entrevista persoal entrambos o día anterior ao atentado. Aínda que é certo que durante a súa intervención do 7 de xullo de 1910 no Congreso dos Deputados, influído polos sucesos da Semana Tráxica e en referencia á volta ao poder de Maura, dixo que "mis amigos están dispuestos hasta a llegar al atentado personal". Esta desafortunada frase, utilizada fóra de contexto, converteuse nunha coartada que utilizaron os seus inimigos políticos para trataren de implicalo no asasinato de Canalejas.

No que se refire á reacción en Ferrol, na tarde do mesmo día do 12 de novembro de 1910 celebrouse unha sesión extraordinaria da corporación municipal para tratar deste asunto. O alcalde Emilio Antón propuxo expresar o sentimento da corporación e do pobo de Ferrol, ao que representaban, polo asasinato de José Canalejas, así como remitir un telegrama de condolencia ao Rey e á súa viúva. Ámbalas dúas propostas aprobáronse cos votos favorables do grupo gobernante e das minorías conservadora e republicana, adheríndose a minoría socialista so á primeira delas.

O día 20 de novembro celebrouse un funeral na súa lembranza, organizado polo propio concello na igrexa de San Xiao. O templo adobiouse de xeito especial para a cerimonia por Rodolfo Ucha, arquitecto municipal, colocándose grandes panos, grilandas e cortinaxes negras nos altares e naves da igrexa, así como un amplo túmulo, imitando mármore negro, no centro da nave principal. Ademais



LUIS

ó

EL JÓVEN EMIGRADO

HISTORIETA

APROBADA POR EL ARZOBISPO DE PARÍS

TRADUCIDA DEL FRANCÉS

por

D. JOSÉ CANALEJAS Y MENDEZ.

MADRID.

ESTABLECIMIENTO TIPOGRÁFICO DE T. FORTANET

calle de la Libertad, núm. 29.

1866.

da presencia de autoridades e representantes de entidades, rexistrouse unha gran afluencia de público, que se continuaba polo adro da igrexa.

Ateneo Ferrolan
Fundado en 1879


### A PROXECCIÓN INTELECTUAL E O LABOR LITERARIO DE CANALEJAS

Da súa precocidade intelectual conta Antonio Couceiro, no seu *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, que aos dez anos traduciu do francés e publicou a obriña titulada *Luis o el joven emigrado*, editada polo establecemento tipográfico de T. Fortanet o ano 1866 en Madrid e logo publicada no folletín do antigo *Diario de Ferrol*, e que aos once anos firmaba crónicas políticas co seudónimo de "El cantor de Mugardos".

Destacou o seu labor periodístico, fundando o ano 1880 o diario *El Demócrata* e adquirindo o ano 1890 o *Heraldo de Madrid*, do que pronto sería director. Este último foi un importante órgano de expresión das ideas liberais onde os numerosos artigos de Canalejas, alonxado da política activa entre os anos 1891 e 1894, constituíron unha completa historia política nacional e internacional dos finais do siglo XIX e principios do XX. Foi presidente da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación en tres ocasións, a primeira o ano 1894; académico de Ciencias Morais e Políticas o ano 1900 e da Real Academia da Lingua o ano 1904; decano do Colexio de Avogados de Madrid entre os anos 1907 e 1911; vicepresidente da Sociedade Xeográfica; membro da Comisión Xeral de Codificación e presidente da Sección de Ciencias Morais e Políticas do Ateneo de Madrid.


No que respecta á súa obra escrita, publicou *Apuntes para un curso de Literatura Latina*, Madrid 1875; e *Derecho parlamentario comparado*,

«Foi presidente da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación, académico de Ciencias Morais e Políticas e da Real Academia da Lingua; decano do Colexio de Avogados de Madrid, vicepresidente da Sociedade Xeográfica, membro da Comisión Xeral de Codificación e presidente da Sección de Ciencias Morais e Políticas do Ateneo de Madrid».




Madrid 1888; abondosos prólogos, como os de *Concepto del mando y deber de la obediencia (Cartas a Alfonso XIII)* de José Muñiz y Terrones, Madrid 1893; *El problema político al inaugurarse el siglo XX* de Cascales Muñoz, Madrid 1902; *La Justicia y el Foro en las legislaciones comparadas* de Leopoldo González Revilla, Madrid 1906; *El nuevo liberalismo* de Almagro Sanmartín, Madrid 1910, e *Estudios sobre las Regalías de la Corona de España* de Juan del Nido y Segalerva, Madrid 1910. Tamén, pola súa iniciativa, o ano 1910 o Congreso dos Deputados publicou as *Memorias de la Condesa de Espoz y Mina.*

Igualmente cómpre citar que ao longo da súa vida publicou un inxente número de folletos, opúsculos, conferencias, discursos, memorias e artigos periodísticos, repartidos en diferentes medios escritos de comunicación. Entre as diversas recopilacións de discursos que se levaron a cabo están os pronunciados na Academia de Xurisprudencia e Lexislación, editados o ano 1904 en Madrid, e os discursos parlamentarios, editados o ano 1910 en Valencia.



*Grupo fotográfico de José Canalejas en Ferrol. Entre outros, acompáñano o seu curmán, o pintor e xornalista Alejandro Saint-Aubín, o director do Heraldo de Madrid, Francos Rodríguez, e os ferroláns Emilio Antón e Emiliano Balás, que foi Presidente do Ateneo de Ferrol (Arquivo de Ricardo Nores).*

## A FAMILIA DE CANALEJAS

José Canalejas estivo casado en dúas ocasións. Do seu primeiro matrimonio, celebrado en setembro de 1878 con María Saint Aubi non tivo fillos, enviuvou o ano 1897 ao morrer a súa dona dunha afección cardíaca. Volveu casar con María Purificación Fernández Cadenas, coa que tivo cinco fillos, (un varón, José, e catro mulleres, Asunción, Luisa, Enriqueta e Blanca).

O Ducado de Canalejas concedéuselle por Real Decreto de 23 novembro de 1912 a María Purificación Fernández Cadenas, viúva de José Canalejas, cunha pensión vitalicia anual de 30.000 pesetas. Este título do Reino, con grandeza de España, pasou o ano 1919 a José Canalejas Fernández, o seu único fillo varón, nacido o ano 1904 en Baiona (Francia). O Duque de Canalejas estudiou a carreira de Dereito e dedicouse á literatura, publicando *Reflexiones sobre la vida de mi padre* o ano 1928 e os relatos *Una mujer demasiado buena* e *Nieve y otras cosas*, ámbalas dúas editadas o ano 1929 na colección *La Novela de Hoy*, e *Otoño revolucionario* o ano 1931. José Canalejas Fernández morreu asasinado en Madrid o 21 de Setembro de 1936.




*Retrato de Canalejas. Ateneo de Madrid*

## A SÚA VIAXE E AS RELACIÓNS CON FERROL

O ano 1894, co motivo de seren nomeado ministro de Fomento, recibiu a felicitación do concello ferrolán, contestando cunha carta de agradecemento e ofrecemento cara á súa cidade natal. Con ese motivo, unha comisión integrada polo alcalde Manuel de Cal, os concelleiros José Caramelo e José Permuy e o deputado provincial José Spottorno trasladouse o día 3 de decembro a Madrid, onde permaneceron dous meses e foron recibidos polo presidente Sagasta e o propio Canalejas, solicitando unha serie de melloras para a cidade, tales como a habilitación dunha aduana de primeira categoría para o despacho de todo tipo de mercadorías, a exclusión do peixe e o sal das taxas de consumo e a suspensión do repartimento dunha contribución extraordinaria decretada polo goberno.

Como informou a prensa da época, a comisión foi recibida con gran entusiasmo a súa chegada de Madrid e, como detalla o correspondente libro de actas municipais, na sesión celebrada o 6 de febreiro de 1895 informaron do resultado positivo das xestións realizadas, acordándose na devandita sesión declarar Fillo Predilecto da cidade a José Canalejas, colocar unha placa conmemorativa na súa vivenda natal e dar o nome de Canalejas á rúa Magdalena. Igualmente se decidiu dar os nomes de Sagasta e José Spottorno a outras dúas rúas da cidade, ademais de declarar a este último Fillo Adoptivo de Ferrol. Por último, acordouse dar o nome de Alcalde Manuel de Cal á entón rúa do Olvido e o de praza da Comisión á que





EL CORREO GALLEGO

DECANO DE LA PRENSA LOCAL

FERROL

EL ASESINATO DE CANALEJAS

UNA GRAN DESGRACIA NACIONAL

levaba o nome da Angustia, decisións adoptadas sen unanimidade e algunhas delas criticadas pola prensa da época.

A visita a Ferrol de José Canalejas, sendo xa Presidente do Congreso, tivo lugar en agosto de 1907, dentro dunha viaxe a outras cidades de Galicia, coincidindo con diversas celebracións das Festas de Amboage. Esta visita foi organizada pola Cámara de Comercio, adheríndose aos actos organizados con tal motivo o Concello presidido polo conservador José Borrás Vizoso, nomeando na sesión municipal celebrada o 8 de agosto aos concelleiros Rafael Liste e Alfonso de Cal para que se integrasen na comisión popular, creada para organiza-la recepción a Canalejas, que veu na compaña do conde de Pinofiel, do seu curmán, o pintor e periodista Alejandro Saint-Aubin, e do director do *Heraldo de Madrid*, Francos Rodríguez, entre outros.

Tanto Guillermo Llorca, na súa publicación *Ferroláns*, como Ricardo Nores Castro, no libro *Ferrol de ayer*, recollen diversos aspectos da estadía de José Canalejas en Ferrol. Chegou no vapor Argonauta ao peirao de Curuxeiras o día 17 de Agosto de 1907, aloxándose na Casa do Monte de San Pedro de Leixa, convidado polo seu amigo Joaquín Moreno, influínte auditor xeral da Armada e dirixente do partido liberal. Despois dun multitudinario recibimento e dentro dunha apertada axenda de dous días, visitou o Asteleiro, o Arsenal e varios buques da Escuadra, realizou un percorrido polos arredores de Ferrol e unha xira en lancha pola ría, presidiu un banquete popular celebrado na súa homenaxe no Teatro Jofre, ao que asistiron representacións de tódolos sectores da poboación, e asistiu a unha recepción no Concello, onde se despediu da cidade.

Tanto nas súas emotivas verbas no banquete do Teatro Jofre como no discurso que pronunciou no balcón do Concello, Canalejas recoñeceu a difícil coxuntura económica e social pola que atravesaba Ferrol naquel intre, e incluso afirmou que non fixera o debido pola cidade onde naceu, prometendo o maior apoio para contribuíren á súa prosperidade, aínda que se debe dicir que estas promesas non tiveron unha materialización concreta en feitos inmediatos.

Con posterioridade a esta visita, Luis de Armiñán, subsecretario de Gobernación e Fillo Adoptivo da cidade, donou á corporación municipal ferrolá un cadro ao óleo de José Canalejas, obra do coñecido pintor valenciano Viles Prades, como consta na sesión municipal celebrada o 30 outubro de 1907. O retrato colocouse no salón de sesións do concello e hoxe atópase instalado no corredor da alcaldía.

Por outra banda, a elaboración da placa conmemorativa do seu nacemento que se decidira doce anos antes, demorouse ata a súa aprobación na sesión municipal celebrada o 6 de febreiro de 1907, feito que oficialmente atribuíuse á incerteza que se tiña respecto á vivienda onde nacera José Canalejas, situada no entón número 134 da rúa Real, esquina con Arce. Nembargantes, diversas circunstancias retrasaron a súa colocación ata o domingo 1 de decembro de 1907, nun solemne acto que estivo precedido por unha concorrida procesión cívica que saíu, organizada ao xeito da época, desde o edificio do Concello.


Ao seren nomeado presidente do Goberno, na sesión municipal celebrada o 10 de febreiro de 1910, acordouse remitir un telegrama de felicitación a José Canalejas, decidíndose nunha posterior sesión do 24 de febreiro a viaxe dunha comisión formada polo alcalde Emilio Antón e o primeiro tenente de alcalde Manuel Torrente, a presentar os seus respectos ao novo presidente e, con apoio do mesmo, entrevistarse posteriormente cos ministros de Fomento, Facenda, Mariña e Guerra, acadando diversos logros, en especial referentes ás obras do ferrocarril de Ferrol a Betanzos.

Do mesmo xeito, o pobo de Ferrol dooulle o terreo adquirido por suscripción popular para a construcción dun chalé, proxecto que chegou a realizar o arquitecto municipal Rodolfo Ucha, e que Canalejas tiña pensado utilizar unha vez chegado o seu retiro. Según informou *El Correo Gallego* do 1 de setembro de 1908, os terreos estaban situados nun pintoresco lugar da ribeira de Caranza, entón pertencente ao concello de Serantes, e tiñan unha extensión de 40 ferrados.




*O Rei Alfonso XIII e Canalejas*

«Na sesión celebrada o 6 de febreiro de 1895 o concello de Ferrol acordou declarar Fillo Predilecto da cidade a José Canalejas, colocar unha placa conmemorativa na súa vivenda natal e dar o nome de Canalejas á rúa Magdalena».







*Acto de descubrimento da lápida na casa natal de Canalejas, Fillo Predilecto de Ferrol. Na tribuna, as autoridades presididas polo Alcalde da cidade, José Borrás (Arquivo de Ricardo Nores).*

Anos máis tarde, o ano 1920, por acordo municipal do día 24 de abril da corporación presidida por Lloveres Martínez, elevouse un escrito ao Ministerio de Fomento solicitando que se lle puxesen os nomes de José Canalejas, Frutos Saavedra, Demetrio Plá e José Togores ás catro locomotoras da vía férrea de Ferrol a Betanzos "como deuda de gratitud por los buenos servicios prestados para la concesión y terminación de la referida vía".

## AS SÚAS RELACIÓNS COA MARIÑA. O CANONEIRO CANALEJAS

Cando Canalejas chegou ao poder, preocupouse da necesidade de dar continuidade á Lei de Construcción da Escuadra do ano 1908 (o chamado Plan Ferrándiz de renovación da Mariña de Guerra), elaborando un proxecto ambicioso de construccións navais ao longo de oito anos, que non chegou a rematarse pola pronta morte do estadista. A recén creada Sociedade Española de Construcción Naval fíxose cargo do estaleiro de Ferrol, onde se botaron os acoirazados España, Alfonso XIII e Jaime I, entre os anos 1912 y 1914.


Foi un dos seus sucesores na presidencia do Goberno, Eduardo Dato, o que levou a cabo a obra comezada por Maura e Ferrándiz. Co almirante Miranda na carteira de Mariña realizouse un extenso plan de construccións, promulgado o ano 1915 e no que se foron incorporando as ensinanzas derivadas da Primeira Guerra Mundial. O Plan Miranda púxose pronto en marcha coa posta en quilla do cruceiro Victoria Eugenia para remediar o problema da escasez de traballo no Arsenal de Ferrol. Dentro do mesmo, os anos 1922 e 1923 construíronse tamén os canoneiros Cánovas del Castillo, Canalejas e Eduardo Dato, que precisamente levaron os nomes de tres xefes de goberno cuxos asesinatos influíron notablemente no curso da historia da súa época.

## A SÚA LEMBRANZA ACTUAL EN FERROL

A placa da súa vivenda natal retirouse nos primeiros anos da década de 1970, ao se levantar un novo edificio no seu lugar, sendo levada a dependencias municipais, onde foi esnaquizada e tirada ao vertedeiro de Mougá, como recentemente lembrou Jaime López, concelleiro ferrolán naquelas datas. Así mesmo, o ano 1981, a rúa Canalejas perdeu o seu nome ao recuperar a súa antiga denominación de Magdalena. Como veñen recordando diversos autores, tan só o nome dun peirao e unha pintura no Concello lembran hoxe a un sobranceiro personaxe ferrolán, de gran importancia na historia de España, carecendo da algún monumento como é o caso do artístico conxunto escultórico ergueito á memoria de Canalejas en Alicante, obra de Vicente Bañuls o ano 1914. En contraste coa lembranza a personaxes non ferroláns, que tiveron unha escasa relación coa cidade, o seu esquecemento únese aos de Lucas Labrada, Fernández Varela e outros fillos ilustres de Ferrol.


Neste caso, como noutros que están na mente e na boca de moita xente, a corporación municipal non semella ter, ata de agora, unha mínima sensibilidade para lembrar en datas tan sinaladas a este coñecido ferrolán. Desde as páxinas desta revista, como socio do Ateneo Ferrolán e antigo socio do Ateneo de Madrid, no que José Canalejas ten un retrato nun lugar preferente lembrando a súa activa pertenza á devandita entidade, vallan estas liñas de recordo, coa esperanza de que algún día Ferrol lle dedique unha merecida homenaxe.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org




*Lápida conmemorativa que estivo instalada na vivenda natal de Canalejas, na rúa Real 158 esquina con Arce 17 (edificio Amboaxe), hoxe desaparecida (Arquivo de Ricardo Nores).*

«...tan só o nome dun peirao e unha pintura no Concello lembran hoxe a un sobranceiro personaxe ferrolán, de gran importancia na historia de España... o seu esquecemento únese aos de Lucas Labrada, Fernández Varela e outros fillos ilustres de Ferrol».



# ENFERMIDADES DOS PEREGRINOS NO CAMIÑO INGLÉS

ENFER
PEREG
INGLÉ

Carlos Piñeiro Díaz
Médico

«Os camiños de peregrinos foron vías da cultura pero tamén causa da transmisión de epidemias».

A Asociación dos Amigos do Corazón (AMICOR) da Area Sanitaria de Ferrol rematou a peregrinación a pé do Camiño Inglés dende Ferrol ata Compostela en tres fins de semana dende o 11 ata o 26 de setembro, día Mundial do Corazón, pregando ós gobernos dos concellos do Camiño que poñan en marcha programas de actividade física para os enfermos do corazón e plans de rehabilitación cardíaca para o apóstolo Santiago, volvendo ás orixes misteriosas das peticións da peregrinaxe relacionadas coas curacións da ánima e do corpo a través dos camiños infindos das peregrinacións. Por iso procede unha reflexión sobre as enfermidades dos peregrinos ó longo dos tempos no Camiño Inglés.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204 Ferrol

Os camiños infindos e os peregrinos sempre existiron e tiveron a saúde coma protagonista. Acudían co desexo de curar unha enfermidade ou coma cumprimento dun voto. Moitos homes e mulleres ían a procura da saúde nos santuarios e outros a perdían nos camiños polas calamidades que sufrían nos seus percorridos. Para chegar a Santiago era a propia Natureza a que escollía en moitas ocasións na aventura da vida e da morte.


Os precedentes da antigüidade lévannos os santuarios do Exipto faraónico, pero os exemplos máis concretos aparecen na Grecia clásica, dende o ano 600 a. C. Os templos de Zeus en Olimpia e de Apolo en Delfos, Delos e Corinto, eran a meta dos peregrinos. Máis tarde, o deus salutífero Asclepio, fillo de Apolo, ocuparía as atencións dos peregrinos para acadar as curacións a través das «incubatios», ritos oficiais, litúrxicos, destinados a obter soños mediante os cales se interpretaba a vontade divina. É sabido que xunto ós grandes santuarios da antigüidade, tanto pagáns coma cristiáns, existían hospedarías para recibir os visitantes que chegaban de lonxe e para os enfermos. O santuario de Asclepio en Grecia era unha especie de sanatorio para enfermos e tiña unha hospedaría –hospital de 150 camas. No santuario oracular de Anfiano, en Atica, practicábase a incubatio e no interior do recinto sacro acomodábanse hospedarías para peregrinos. Até metade do século XI a hospitalidade cos peregrinos era exercida nos mosteiros

A hospitalidade e tan antiga como a mesma Humanidade. A acollida o ser humano contémplase na expresión grega «xenodoquia», o acollemento do estranxeiro ou lugar de peregrinos.

Xerusalén, Roma e Compostela son as cidades santas da cristiandade e os obxectivos finais das peregrinacións. Os camiños de peregrinos foron vías da cultura pero tamén causa da transmisión de epidemias e de comportamentos humanos propios da animalidade da nosa escada filoxenética.











As enfermidades relacionadas co camiño Inglés durante a Idade Media gardaban relación coas epidemias da época e a carencia de rexistros de enfermidade ata chegar a creación de grandes hospitais no século XVI impide obter datos fiables. A distribución xeográfica das hospedarías, albergues de peregrinos, pequenos hospitais nas proximidades dos mosteiros e das igrexas,así como dos núcleos de poboación, ofrecen unha idea estimada dos tipos de enfermidade prevalentes.

Baixo o diagnóstico de leproso seguramente se atopaban enfermos de sarna,eccemas, psoríases e outras afeccións da pel. A lepra figuraba no primeiro lugar entre as enfermidades curadas pola mediación do apóstolo Santiago. No século V a lepra xa existía en Galicia e as peregrinacións durante varios séculos do Camiño de Santiago trouxeron á nosa terra leprosos de toda Europa, sendo a etapa de máis auxe entre o 1100 e o 1400, por iso xurdiron as habilitacións das malaterías e dos lazaretos (leproserías da Orde de San Lázaro) en moitos lugares do Camiño, cerca das igrexas, pero fora das cidades. En Ferrol atopábanse a malatería de Serantes e o lazareto da Madalena, hospitaliños que deron o nome a Malata e o barrio de Magdalena no século XV. O hospital do Espírito Santo de Ferrol atopábase na proximidade do porto, onde con seguridade foron transportadas nos barcos as ratas da temible peste do século XIV. A peste negra foi devastadora, destruíndo a cuarta parte da poboación do continente europeo. No 1404, fai seiscentos anos, Ferrol padeceu unha peste macilenta que obrigou a desesperanza do voto relixioso a Chanteiro das persoas superviventes e houbo cidades nas que solo quedou un dez por cen da poboación.

Os enfermos do *ignis sácer*, ou lume de San Antón, procedente da inxesta de fariñas contaminadas de centeo, intoxicándose as persoas pola ergotina, provocaba gangrenas mortais, estas persoas eran derivadas na costa galega na capela de San Antón, en A Coruña, ou ata os mosteiros dos antoniños (da orde de San Antón) ou hospitais da costa como o hospitaliño do Espírito Santo de Neda (século XVI) ou no hospitaliño da ponte do Eume na proximidade da capela do Espírito Santo, entre o arco 20 e 21.

No século XII aparece publicado o Códice Calixtino, atribuído o papa Calixto II pero se trata dun texto escrito polo clérigo de Poitou Américo Picaud, relatándose a vida e milagres do apóstolo Santiago. Quen podería rexeitar tamaña oferta de curacións e milagres do apóstolo: «vista para os cegos, oído para os xordos, fala para os mudos, vida para os mortos e curaba as xentes de toda clase de enfermidades para gloria e gabanza de Cristo».

O apóstolo Santiago curaba as enfermidades da pel (lepra e sarna), do sistema nervioso (frenéticos, maniosos, paralíticos, energúmenos, tremulosos e lunáticos), da vista ( scotomáticos, albuginosos e epiforosos), dos enfermos de ouriños e ril (estranguiriosos, dissuriosos e nefríticos), das afeccións pulmonares (flegmáticos e tísicos), dos artríticos (artéticos, podrágicos e neumosos) e do fígado (coléricos, hepáticos e ictéricos).

Milleiros de persoas acudiron a Compostela na busca de saúde pero en moitas ocasións atopaban enfermidades propias do discorrer das dificultades no camiño ( caídas, contusións, traumas graves, ataques dos animais e réptiles, lesións nos pes e derivadas dos fríos ou dos calores e os rigores do tempo segundo as estacións ) e os cambios de réxime alimenticio que influían nas «*...fiebres pútridas y malignas, fiebres petequiales, reumáticas, mesentéricas, fluxos de vientre, dolores cólicos, pulmonías, anginas espúreas...*», como se cita no rexistro do Hospital Real de Santiago no 1760, con ocasión dun ano de crises alimentaria.





A mala nutrición era frecuente, e nos albergues recibíase pan, viño (sustento alimenticio ata o século XVI) e sal, racións de pan e viño e caldo como fundamento nas comidas engadindo, en poucas ocasións, carne, queixo, froitas, hortalizas, legumes e ovos. Guillermo Manier, peregrino no século XVIII, parece que tiña boa información dos horarios das comidas e sen dúbida denota que no Camiño Inglés había profesionais da peregrinación: «Chegamos as 9 e fumos a catedral... escoitamos misa e as 11 fomos o convento de S. Francisco, déronnos a comer bo pan, sopa e carne e as 12 fomos tamén a comer a sopa do convento dos bieitos de S. Martín onde nos deron bacallau, carne e pan excelente; a unha dan pan e carne no convento das relixiosas de Sta. Teresa; as 2 dan pan os xesuítas; as 4 nos diriximos a to-

«Milleiros de persoas acudiron a Compostela na busca de saúde pero en moitas ocasións atopaban enfermidades propias do discorrer das dificultades no camiño».



Ateneo Ferrolán






mar a sopa, que nos serviu de cena, o convento de Santo Domingo, encamiñándonos despois a durmir o hospital que ten boas camas», citado por Ángel Rodríguez González no *PEREGRINO* nº 9, pax. 19). Está claro que este peregrino non morreu de fame. Non tódolos peregrinos eran voluntarios. Había peregrinos profesionais na Idade Media, que facían a peregrinaxe sustitutoria ou a penitencial como consecuencia da penitencia da confesión, e incluso a xudicial pola transgresión das leis imposta polos tribunais laicos e eclesiásticos.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura

As camas non eran a miúdo tan boas, se non as rudimentarias de palla. E os pés dos peregrinos tiñan unha atención preferente nalgúns albergues atopando ungüento de sebo de candeas, augardente e aceite de oliva como remedio para fortalecer os pés despois do lavatorio dos mesmos. Noutros albergues ofrecían un bálsamo de salvia con sebo e trementina para alivio de pés. Medicina caseira con herbas e aceites era a única atención médica daqueles tempos ata que xurdiron os grandes hospitais da Corte como o Hospital Real de Santiago no século XVI, equipados con médicos, cirurxiáns e enfermeiras.

O hospital de San Roque, fundado no século XVI, estaba especializado nas enfermidades venéreas, especialmente na sífilis ou lúes. As epidemias na Europa dos séculos XV e XVI foron tamén mortais no camiño de Santiago.

Os hospitais do Camiño foron tamén receptores e difusores dos avances da medicina, onde tódolos saberes de milleiros de penitentes aportaron a súa ciencia a través dos camiños infindos.

Hoxe en día, as enfermidades epidémicas do século XXI, gardan relación cos estilos de vida pouco saudables, tales como a vida sedentaria, a inactividade física, a obesidade, a alimentación excesiva en graxas animais, o tabaquismo e a inxesta de tóxicos. Adoptando hábitos de vida saudables poderiamos evitar o sesenta por cen das enfermidades da civilización occidental, entre elas a cardiopatía isquémica.

Confiemos na intercesión do apóstolo para acadar a rehabilitación cardíaca nos hospitais públicos tal como solicitaron na súa advocación os peregrinos de AMICOR da Area Sanitaria de Ferrol e o desenvolvemento de programas de actividade física e de promoción da saúde para a poboación.

Día Mundial da Saúde: 26 de setembro. ❦

*Fondo general*
*Libro técnico*
*Libro infantil y juvenil*

*Búsquedas bibliográficas*
*Cuentas de librería*

**LIBRERÍA DEL CAMPUS**

Avda. De Esteiro 30-32
15403 Ferrol- Tel. E Fax: (981) 36 40 27
email: libreriacampus@verial. es



# BARALLANDO A VIDA

Angel Ruiz de Velasco Bellas

Ó notar a torpeza nas mans que, o áspero e frío inverno, ó incrustarse no salón, entumecera, deixou de ler e, estirando a súa man dereita, colocou o libro de relatos sobre unha pequena mesa de madeira vernizada que había diante da butaca. Logo, ó levantarse, empezou a camiñar polo salón mentres refregaba unha man contra a outra para facelas entrar en calor. Unha chuvia miúda e persistente tintineaba nos cristais da fiestra. As gotas, ó deslizarse cara abaixo polo liso e transparente cristal, formaban fiaños de auga como diminutos ríos que desaparecían da vista ó chegar á parte opaca do marco.

Cando creu que se recobrara do entumecemento, sentouse comodamente, prendeu un cigarro e, collendo o libro, comenzou a ler pola páxina onde o deixara. E estivo lendo ata que unha debilitada luz do día que entraba silandeiramente pola ventá lle impediu continuar.

O monótono e acompasado tic-tac do reloxo do corredor fíxolle lembrar que non chamara á súa irmán. Despois daquel estraño accidente que a súa irmán Luisa tivera, Marta non deixaba de chamala nin un só día. Foi cara ó teléfono, estaba sobre o velador que había xunto á ventá onde seguían fluíndo aqueles diminutos ríos de auga de chuvia. Marcou un tras doutro os números. Escoitou o ton de chamada durante un rato. Sen embargo, ninguén ó outro lado da liña parecía estar disposto a collelo. Ó principio, aquel silencio lle pareceu algo estraño, mais pronto se deu conta de que a esa hora soía pasear co seu can, e colgou.

Durante un tempo se entretivo mirando a rúa pola ventá do salón. Miraba como a chuvia seguía mollando o asfalto e os regueiros de auga ó bordo das beirarrúas. A rúa estaba deserta e silenciosa. Os anuncios nas fachadas dos comercios pestanexaban con escintileos multicolores, e reflectíanse nos charcos que a chuvia deixaba nos afondamentos das beirarrúas.

Fixo outra chamada, pero non tivo resposta, e colgou ó escoitar a voz do contestador. Mentres pensaba na súa irmán, lembrou o accidente. Aínda o lembraba como pertencente ó pasado, había algo no seu interior que a incitaba a querer falar con ela. Lembrou a sirena da ambulancia levando a Luisa, e cando entrou en coma, e os días seguintes nos que permaneceu nun estado vexetativo. Viñalle á memoria aquela

**«E mentres preparaba a cea ó seu marido e ó seu fillo, buscou polo andel unha baralla para poder indagar no mundo esotérico do xogo das cartas, o silencio da súa irmán».**

longa e angustiosa espera ás portas do quirófano entre as batas brancas das enfermeiras que, sen respiro ningún, ían dun lado a outro, polos intermínables corredores. Onde se abrían e se pechaban portas vernizadas de branco, e as paredes, tamén estaban pintadas de branco. Case todo, nos hospitais, é branco, pero a Marta, agora, non lle interesaba saber o motivo de por qué todo é branco nun hospital. E non lle importaba, porque só esperaba que aparecese algún médico a dicirlle cómo se atopaba a súa irmán. Víase andando polos corredores coa mente fixa na súa Luisa. Que acabara pronto a incerteza daquela odisea, pensaba. Que saíse canto antes daquel transo no que a puxera a vida. De cando en vez bebía un trago de auga da botella que levaba na súa man, porque se lle secaba a boca.

Logo dirixiuse á cociña. Polo corredor deuse conta que os nervios, até esa hora temperados, ameazaban con rematar a xa escasa tranquilidade daquel día. E mentres preparaba a cea ó seu marido e ó seu fillo, buscou polo andel unha baralla para poder indagar no mundo esotérico do xogo das cartas, o silencio da súa irmán. Adoitaba recorrer a elas cando tiña a necesidade de averiguar a resposta ós problemas que lle oprimían, e agora se achaba inmersa nun deles.

Barallou, deu un corte e sacou vinteunha cartas do montón, e foinas estendendo sobre a mesa. O primeiro naipe quedaba só, como unha altiva cheminea sobre as vinte restantes, que en cinco fileiras de catro cartas cada unha, tomaban forma dunha fachada de pisos con ventás, e nalgunha delas víase a xente con mirada estática. Mentres as estendía, Laura comprobou que as súas mans, áxiles outras veces, agora respostaban con torpeza ó contacto con elas. Observounas e díxose: "Non hai morte", " non saíron os catro cabalos e o dous de bastos".

Cando Marta fregaba os cacharros da cea soou o teléfono, e correu veloz polo corredor para collelo. Escoitou a voz da súa irmán; unha voz que se metía polo oído e se asentaba nos seus pulmóns como un sopro de aire fresco e repleto de vida. Unha vida que se facía máis viva conforme lle ían chegando as palabras fatigosas de Luisa: "veño do teatro, invitáronme".

Laura retivo a conversa por un instante, e respirou profundamente.

Ferrol, 7 de setembro de 2004



O Grupo de Estudios Sobre a Condición da Muller «Alecrín» convoca anualmente os Premios **ALECRÍN-ALACRÁN**. Estes premios foron creados no ano 1989 coa finalidade de sensibilizar á sociedade da discriminación na que viven as mulleres.

# PREMIOS ALECRÍN – ALACRÁN 2004




O Grupo de Estudios Sobre a Condición da Muller "ALECRÍN", con motivo da Decimosexta Edición dos premios "ALECRÍN - ALACRÁN", estudiadas e valoradas as múltiples propostas suxeridas por diferentes colectivos, institucións e persoas, vén de decidir os destinatarios dos devanditos premios na súa Edición 2004.

**PREMIO ALECRÍN 2004** a

**D. Miguel Lorente Acosta**

Médico forense, director do «Instituto de Medicina Legal de Granada» e dende fai anos dedicado ó estudio da violencia de xénero. Participou como experto en diferentes Comisións do Congreso e do Senado sobre violencia de xénero e prostitución. Levou a cabo, entre outros, traballos como: ***Síndrome de la agresión a la Mujer***; ***Agresión a la Mujer: maltrato, violación y acoso***, e publicou libros como: ***Mi marido me pega lo normal; El rompecabezas.***

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

Na designación do **PREMIO ALECRÍN 2004** a Miguel Lorente Acosta tívose en conta o feito de ter sido pioneiro no estudo da agresión á muller e ter asumido o compromiso firme de mostrarnos e denunciar a brutal normalización da violencia contra as mulleres a partir dos seus indispensables traballos.

Polo que o Xurado desta **XVI Edición** acordou outorgarlle o **"PREMIO ALECRÍN 2004"**


**PREMIO ALACRÁN 2004** á

**Conferencia Episcopal Española**

Na persoa do seu Presidente o **Cardenal Antonio Mª Rouco Varela** polas graves declaracións e mordaz posicionamento ideolóxico dos bispos ó longo dos diferentes documentos desta Asemblea Plenarial, afirmando que a violencia contra as mulleres, os abusos sexuais ou a homosexualidade son froito da revolución sexual.

Na designación do **PREMIO ALACRÁN 2004** tívose en conta que aínda falta o día que a igrexa española se posicione de xeito claro e directo condenando a violencia contra ás mulleres, os abusos sexuais, a prostitución, o tráfico de mulleres ou o tráfico infantil.

Así mesmo que ó longo dos séculos a súa estructura de organización xerárquica masculina segue a manter as desigualdades entre homes e mulleres a favor do patriarcado, favorecendo e contribuíndo dende os seus documentos, declaracións, púlpitos e confesionarios ós pilares da violencia contra as mulleres e nenas, exculpando ós que a exercen. En relación ás manifestacións que fai dos abusos sexuais e da homosexualidade aconsellámoslle mire dentro da súa casa antes de facer ningún tipo de recomendación. Polo que o Xurado desta **XVI Edición** acordou otorgarlle o **"PREMIO ALACRÁN 2004"**



Vigo, 03 de setembro de 2004



# ENCONTROS INTERNACIONAIS DE ATENEOS

Do 26 ao 29 de agosto en AGUASCALIENTES e LAGOS DE MORENO (MÉXICO) celebrouse a REUNIÓN ANUAL de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana-Filipina de Ateneos).

O ATENEO FERROLÁN, vocal da directiva de dita Asociación, estivo presente participando a través do Presidente Eliseo Zaera Ríos. Precisamente el foi designado por unanimidade Secretario de Actas das cinco sesións de traballo que se realizaron.

A modo de exemplo seleccionamos a continuación media ducia dos 25 acordos ou conclusións ós que se chegou.

*4– EL ATENEO DOMINICANO POR VOZ DE SU PRESIDENTE HENRY MEJÍA SE COMPROMETE A EDITAR LOS VIGENTES ESTATUTOS DE AIFA Y ENVIARLOS, ASUMIENDO GASTOS. INCLUIRÁ ADENDUM PARA PODER FORMULAR REFORMAS/MODIFICACIONES Y UNA INVITACIÓN A LOS ATENEOS NO ASOCIADOS A QUE SE ADHIERAN.*

*6– PRÓXIMA ASAMBLEA GENERAL Y REUNIÓN DE JUNTA DIRECTIVA: EL PRESIDENTE AZUELA REALIZARÁ GESTIONES CUANTO ANTES PARA CONSEGUIR LA ASAMBLEA GENERAL- 2005 EN CHILE. SI NO ES POSIBLE, SE GESTIONARÍA EN MADRID. NORMA: PARA LOS MIEMBROS DE LA JUNTA DIRECTIVA, INVITACIÓN CUBIERTA A 2 PERSONAS, PARA EL RESTO DE SOCIOS, UNA PERSONA.*

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

*10– EL PRESIDENTE AZUELA SE COMPROMETE A ENVIAR, EN EL PLAZO DE 2/3 MESES, UN BOLETÍN CON LOS SIGUIENTES CONTENIDOS:*

*- RESEÑA HISTÓRICA DE AIFA, CON RESÚMENES DE ACTUACIONES Y CONFERENCIAS DE LOS ENCUENTROS.*

*- BREVES INFORMACIONES DE LOS ATENEOS QUE COMPONEN LA DIRECTIVA.*

*- INVITACIÓN A LA ADHESIÓN A LOS ATENEOS QUE TODAVÍA NO SON SOCIOS, Y OTROS TEMAS.*



*12– EL ATENEO DOMINICANO ASUME LA EDICIÓN, PARA SU ENTREGA EN LA PRÓXIMA ASAMBLEA GENERAL, DE LA 1ª REVISTA (nº 0), CON LA CONDICIÓN DE QUE SE LE ENTREGUE EL DISQUETE CON LA FOTOCOMPOSICIÓN DE SU CONTENIDO.*

*16- TÍTULO DE LA REVISTA: SE APRUEBA EL SUBTÍTULO "REVISTA DE LOS ATENEOS DEL MUNDO". EL TÍTULO DE **"ÁGORA"** O **"AGORA'S"**, O ALGÚN OTRO QUE PUEDA SUGERIRSE, SE DEJÓ EN MANOS DE LOS 4 RESPONSABLES DE SU EDICIÓN.*

*18- JOSÉ LUIS MARTÍNEZ PROPONE QUE AIFA, A TRAVÉS DE INSTITUCIONES OFICIALES, ORGANICE CONGRESOS. EL ATENEO JOVELLANOS SE OFRECE A ORGANIZAR UN CONGRESO INTERNACIONAL DE PERIODISMO, CON LOS TEMAS: "PASADO, PRESENTE Y FUTURO DE LA PRENSA", "PRENSA, COMUNICACIÓN Y CULTURA". HENRY MEJÍA, J.L. MARTÍNEZ Y A. AZUELA FORMARÁN LA COMISIÓN PARA DESARROLLAR ESTA PROPUESTA.*



### *ESCARÑO CONTRA OS DESTRAGADORES DO MUNDO*

Contaminadores do aire puro e da auga
humilde,
casta,
e cristalina.
Incendiarios da sagrada fraga
misteriosa, cantora e ancestral.
Asasinos de paxaros.
Verdugos
de todo canto ama, vive e canta.
Violadores e destructores
da máxica paisaxe rumorosa.
ENEMIGOS DA VIDA E DA BELEZA.
Consentidores de tanto xenocidio:
cando reventa o pus do voso odio
sementades de morte a creación.
Malditos para sempre endexamais
por tódalas xeracións que son
e serán:
¡vós sodes
a miseria e a vileza deste mundo!.

dado ... 1879
...lagdalena 202-... Ferrol
www.ateneoferrol...org

### *O POVO QUE DEIXA*

O POVO que deixa perder a sua palabra
creada, herdada, usada, revelada,
aquela que lle é propia e singular,
a que é unicamente sua,
está emprobrecendo ó mundo
e perpretando o seu propio xenocidio.
Ese povo vil
ollará aniquilada a sua lembranza
e o seu nome indigno
borrárase, sen máis, do universo:
hai agresiós á beleza e ó espíritu
que a vida non tolera nen perdoa.


### *O POEMA*

UN POEMA é un ser vivo que anda,
respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, cintila e escurece,
cala, aborrece a mentira,
sente odio e ternura, desángase,
fala de intimidade a intimidade
coas cousas e coa xente, suxere
mundos posibeis e imposibeis,
suda, cansa, sente sede e fame,
adoece, agoniza.
E nunca morre.

**Manuel María**

# ABRE LOS OJOS









## Con MultiOpticas vas a verlo

La más moderna tecnológia y el más experto equipo profesional

-Ópticos, optometristas y audioprotesistas te garantizan la solución más adecuada a cada caso concreto:

- GAFAS GRADUADAS Y DE SOL
- CRISTALES PROGRESIVOS
- CENTRO DE CONTACTOLOGIA
- GABINETE DE AUDIOLOGIA



**MULTIOPTICAS**
**CALLAO**
**Nº1 EN SERVICIOS ÓPTICOS**

Pl. España, 16 - Tel. 981 311 406
Pl. Callao, 25 - Tel. 981 350 446
Real, 110 - Tel. 981 352 390
**FERROL**

C.C ODEÓN - Tel. 981 397 930
**NARÓN**

Avda. Galicia, 9 Tel: 981 452 270
**AS PONTES**

General Franco, 73 - Tel. 981 402 435
**ORTIGUEIRA**

Pza. Mayor, 8 - Tel. 982 252 580
**LUGO**



**15%** Dto.
con la Tarjeta Select


PAGUE EN 6 MESES
SIN RECARGO


**www.multiopticascallao.com**

NUNCA MAIS

"Arde Galicia"

**A IMAXE**





**ATENEO FERROLÁN**

www.ateneo-ferrolan.org